



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de MARZO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día cinco de abril de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(215).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 1 de abril de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(216).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE”, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADITIVAS 2024. EXPTE. 262026/301.

Visto o informe xurídico do 26/03/2024 e o informe de fiscalización do 22/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/01/2024 asinado polo xefe do Servizo de CEDRO, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. O obxecto deste Convenio é a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo – CEDRO e as entidades sociais (ONG) integrantes da “Comisión técnica de Prevención” do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2024».

I.2. Ata o exercicio de 2017 os programas e actividades de prevención eran obxecto de contratación anual (contratos menores) coas entidades participantes no PLDA. No ano 2018 plantexouse a conveniencia de desenvolver eses programas de prevención de forma máis planificada e cun horizonte temporal de catro (4) anos través da colaboración con ditas entidades sociais, o que se materializou no Convenio aprobado pola XGL na súa sesión ordinaria do 14.06.2018: «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2018 – 2021» (Exp. nº 154891/301), que foi asinado polas partes o 12.07.2018.

En 2022 aprobouse, só para ese exercicio, un convenio de colaboración con esas mesmas entidades sociais (XGL do 05.05.2022; Exp. nº 232688/301: asinado o 19.05.2022). O 17.04.2023 asinou un novo convenio de colaboración para a anualidade de 2023, tramitado no Exp. nº 248919/301 e aprobado na XGL do 13.04.2023. Para dar continuidade neste ano de 2024 a ese labor de prevención no ámbito das adicións faise necesario tramitar e aprobar un novo convenio.

I.3. Os obxectivos xerais deste Programa de prevención son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución.

I.4. A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas Fichas que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

conteñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

I.5. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de 106.800€, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“*Convenio Entidades PLDA*”).

I.6. O evidente interese social na implementación na nosa cidade dun programa anual de prevención en materia de drogodependencias en estreita colaboración coas entidades sociais mencionadas xustifica o outorgamento dunha subvención directa ó abeiro dos Arts. 22.2.c), 28 e ccdtes. da LXS e 19.4.c) e 26 da LSG. Xustifícanse documentalmente tales extremos na Memoria xustificativa e no propio Convenio (Art. 67 RD.887/2006 e Base nº 38 Apdo. 5.2, último pfo.).

I.7. As entidades «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» son ONG que forman parte da “Comisión técnica de prevención” do PLDA, figuran inscritas no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), contan con experiencia acreditada na organización e impartición desta clase de actividades e son as que se manifestaron interesadas en colaborar co Concello de Vigo na implementación destas actividades de prevención.

I.8. O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. O primeiro 50% da achega anual (53.400€) aboarase á sinatura do Convenio.
2. Efectuarase un segundo pagamento polo importe (a maiores dese 50%) correspondente ás actividades realizadas e xustificadas polas entidades a 30.06.2024. Este pagamento intermedio resulta necesario para poder xustificar en prazo a subvención anual que concede a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos para o periodo 2022 - 2025 ¹.
3. Un pagamento final, polo importe restante, unha vez xustificada a realización ou previsión de realización de todas as actividades programadas. En todo caso, esta xustificación final presentarase antes do 1 de novembro de 2024.

Estes pagamentos realizaranse de acordo coa previsión de actividades a desenvolver por cada unha das entidades participantes (Vid. Cadro Base Oitava do Convenio).

I.9. Tal como se recolle no propio Convenio, para o caso de que durante a súa vixencia se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente

¹ ORDE do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG n.º 153, do 11.08.2022).

previsto; o que deberá recollerse nunha *Addenda*, na que tamén se incluírá a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

I.10. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, a Memoria xustificativa, a orde de inicio de expediente da Concelleira de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2024».

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 106.800€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“*Convenio Entidades PLDA*”).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2024»

En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, D^a Susana Gallardo Fariña.

Doutra,

D. José Ignacio Jiménez Pereira, con DNI nº 35.999.806-E, Presidente da “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA”, CIF nº G-36624963, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Isaac Peral nº 8, CP 36201 de Vigo.

D^a Paula González González, con DNI nº 35.318.058-V, presidente/a da «Asociación para la promoción de la salud, “AMAINA”», con NIF G-27802818 e domicilio social na rúa Marín nº 1 (CP 36209).

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, con DNI nº 35.956.947-N, Presidenta da Asociación “ÉRGUETE - Prevención e Intervención en condutas adictivas”, CIF nº G-36.642.726, con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

D. José Ignacio Jiménez Pereira, actuando en representación da Asociación ALBORADA, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo da Asemblea Xeral do 22.02.2022, asegurando a persoa comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Paula González González, en nome e representación da «Asociación para la promoción de la salud, “AMAINA”», segundo resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, actuando en representación de “ÉRGUETE - Prevención e Intervención en condutas adictivas”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/as comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesarias para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, o Concello de Vigo pode promover as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da L.7/1985; LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1^a e 4^a L.5/2014).

II. A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas, recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

III. A PREVENCIÓN do consumo de drogas é o ámbito clave sobre o que se apoia a «Estratexia Nacional sobre Drogas», así como o «Plan de Trastornos Adictivos de Galicia». Considérase que a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

prevención é a ferramenta básica para evitar ou retrasar o inicio no consumo de drogas. A nivel xeral, os OBXECTIVOS fundamentais da PREVENCIÓN son:

- 1) Promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas.
- 2) Potenciar o desenvolvemento integral das persoas.
- 3) Fomentar as capacidades e habilidades persoais que faciliten actitudes e comportamentos de rexeitamento diante da oferta de drogas.
- 4) Reducir a idade de inicio no consumo de drogas.
- 5) Ofrecer alternativas de vida e lecer saudables.

Recoñécense tres NIVEIS DE ACTUACIÓN a nivel preventivo:

- a) *Prevención universal*, que comprende accións dirixidas á poboación xeral independentemente do nivel de risco ó que estea sometida.
- b) *Prevención selectiva*, que abrangue as actuacións destinadas a unha poboación en situación de vulnerabilidade ou risco.
- c) *Prevención indicada*, dirixida de forma específica ás persoas que están sometidas a situacións de alto risco en relación co consumo de drogas ou que xa experimentaron con elas e presentan condutas problemáticas asociadas ó abuso das mesmas.

IV. A drogodependencia é un fenómeno social moi complexo, tendo en conta a diversidade de factores que inciden nel así como a gran cantidade de grupos de poboación que se ven afectados polo mesmo. Os programas e actuacións preventivas deben ter en conta unha serie de contextos ou elementos que son fundamentais para obter os mellores resultados. Desde esta perspectiva, é necesario facer fincapé na prevención en diferentes ÁMBITOS: escolar, familiar, xuvenil (lecer e tempo libre), laboral e comunitario.

V. O Concello de Vigo presta servizos sociosanitarios desde hai case 40 anos ás persoas drogodependentes a través da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) e da Unidade de Día (UD) do “Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias” - CEDRO, desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social (promoción e reinserción social das persoas usuarias).

Conta tamén cun «Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións» (PLDA) no que se propoñen os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas aditivas e da súa problemática asociada, a nivel local. No ámbito da PREVENCIÓN e ó abeiro do PLDA leváronse a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Campañas de sensibilización e información dirixidas á poboación xeral e ás familias sobre os riscos asociados ó consumo de substancias e outras condutas adictivas.
- Proxectos de prevención no ámbito educativo.
- Proxectos de prevención nos lugares de consumo de substancias ilegais e alcohol.
- Implicación dos axentes sociais en actividades de prevención laboral.
- Posta en marcha dun sistema de atención, información e asesoramento persoal a nivel comunitario.

- Desenvolvemento de accións formativas dirixidas a colectivos específicos en risco.

VI. O que se quere implementar agora pola Área de Benestar social - CEDRO, de forma planificada para o exercicio de 2024, son os diversos Programas de PREVENCIÓN de drogodependencias do PLDA a través da colaboración concertada con entidades sociais participantes no Plan, formalizada nun convenio administrativo.

Todas elas son ONG que forman parte da súa “Comisión técnica de prevención”, figuran inscritas no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia e contan con experiencia acreditada na organización e impartición desta clase de actividades.

VII. En concreto, as actividades programadas para impartir por parte de «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» durante 2024 serían as seguintes:

Ámbito Escolar:

- "Información - sensibilización" (prevención universal)
- "Non pasa nada, ¿pasa algo?" (prevención selectiva)
- "Odisea" (prevención selectiva)

Ámbito familiar:

- "Máis que un teito" (prevención universal)

Ámbito xuvenil:

- "Activa" (prevención universal)

Ámbito comunitario:

- "Formación de mediadores/as sociais en prevención" (prevención universal)
- "Información - sensibilización" (prevención universal)
- “Información-sensibilización en clubs deportivos” (prevención universal)

Durante a vixencia do Convenio os anteriores cursos/actividades, que se axustan ós do catálogo da Consellería de Sanidade, poderán ser obxecto de modificación ou substitución por outros/as semellantes en función dos resultados obtidos, de necesidades novas ou doutras circunstancias debidamente xustificadas.

VIII. O presente convenio de colaboración contempla, coas debidas adaptacións, as prescricións básicas que sinala a Base nº 40 das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo relativas a competencias de aplicación, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de formalizar os termos da colaboración para a execución deste programa municipal, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política Social do Concello de Vigo – CEDRO e as entidades sociais (ONG) integrantes da “Comisión técnica de Prevención” do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2024».

SEGUNDA.- Os obxectivos xerais deste Programa de PREVENCIÓN son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución. Trátase tamén de aumentar as capacidades e habilidades persoais de resistencia á oferta de drogas e ós determinantes dos comportamentos problemáticos relacionados coas mesmas mediante a aplicación de programas acreditados de prevención universal, selectiva e indicada nos ámbitos familiar, educativo e extraescolar, mellorando a capacitación dos axentes implicados, especialmente no desenvolvemento de factores de protección fronte ó consumo de drogas, a detección precoz e a abordaxe dos primeiros consumos.

TERCEIRA.- A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas FICHAS que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se conteñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

CUARTA.- As entidades sociais colaboradoras comprométense a:

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos/as especialistas en PREVENCIÓN de drogodependencias. Poderán contratar a cantas persoas crean adecuadas para a correcta execución das actividades, suxeitándose ás condicións laborais aplicables.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de PREVENCIÓN que leven a cabo. A achega municipal será de 106.800€ e poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“*Convenio Entidades PLDA*”) e, de ser o caso, á súa bolsa de vinculación.

SEXTA.- O Concello de Vigo non asume ningún outro compromiso distinto dos recollidos expresamente neste convenio. O persoal adscrito polas entidades participantes á súa execución en ningún caso terá vinculación xurídico-laboral con esta Administración.

SÉTIMA.- Para o caso de que durante a vixencia do Convenio se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente previsto; o que deberá recollese nunha *Addenda*, na que tamén se incluírá a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

OITAVA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. O primeiro 50% da achega anual (53.400€) aboarase á sinatura do Convenio.
2. Efectuarase un segundo pagamento polo importe (a maiores dese 50%) correspondente ás actividades realizadas e xustificadas polas entidades a 30.06.2024. Este pagamento intermedio resulta necesario para poder xustificar en prazo a subvención anual que concede a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos para o período 2022 - 2025 ¹.
3. Un pagamento final, polo importe restante, unha vez xustificada a realización ou previsión de realización de todas as actividades programadas. En todo caso, esta xustificación final presentarse antes do 1 de novembro de 2024.

Estes pagamentos realizaranse de acordo coa previsión de actividades a desenvolver por cada unha das entidades participantes. Deste xeito, as cantidades correspondentes ó 50% de cada pagamento quedan do seguinte xeito:

ENTIDADE	PROGRAMA	N.º OBRADOIROS ESTIMADOS	CUSTO UNITARIO	IMPORTE TOTAL	ENTIDADE 50%
AMAINA-ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE	“NON PASA NADA, PASA ALGO?”-2º ESO”	78	300€	23.400€	AMAINA-ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE
	“ACTIVA”	1	900€	900€	
				24.300€	12.150€
ÉRGUETE-ASOCIACIÓN DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS	“INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN-6º EDUCACIÓN PRIMARIA”	50	300€	15.000€	ÉRGUETE-ASOCIACIÓN DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS
	“NON PASA NADA, PASA ALGO?”-1º ESO”	35	300€	10.500€	
	“MÁIS QUE UN TEI-TO”	30	125€	3.750€	
	“FORMACIÓN DE MEDIADORES SOCIAIS EN PREVENCIÓN”	5	900€	4.500€	
	“INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN EN CLUBES DEPORTIVOS”	30	125€	3.750€	
				37.500€	18.750€
ALBORADA-	“NON PASA NADA,				ALBORADA-

1 ORDE do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG n.º 153, do 11.08.2022).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA	PASA ALGO?-3º ESO”	60	300 €	18.000€	ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA
	“NON PASA NADA, PASA ALGO?-4º ESO”	55	300 €	16.500€	
	“ODISEA”	35	300 €	10.500€	
				45.000€	22.500€
IMPORTE ANUAL CONVENIO				106.800€	(50%) 53.400€

NOVENA.- De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que as entidades presenten previamente unha declaración responsable de non están incursoas en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

DÉCIMA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, as beneficiarias deberán comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o custo total das actividades subvencionadas resultase ser menor que o contemplado para a concesión das subvencións ou se reducisen na execución das actividades subvencionadas as actuacións ou elementos previstos como integrantes das mesmas, procederá a redución das subvencións na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- As entidades están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas (Art. 14.2 LPACAP) e deberán presentar a través da sede electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>), por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela, unha Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas, que incluírá a relación detallada das actividades impartidas por cada unha delas, debidamente asinada pola persoa responsable do Centro nas que se realizaron, segundo o modelo que se lles facilitará.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo do anterior, a axeitada xustificación das subvencións, a realización das actividades subvencionadas e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada sempre polos servizos da Concellería de Política Social (CEDRO-PLDA). O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, de ser o caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida as actividades subvencionadas.

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento das subvencións, as beneficiarias deberán acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedoras por resolución de procedencia de reintegro, o que poderán realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- As beneficiarias deberán facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa das actividades subvencionadas, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro das subvencións na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso das subvencións sobre o custo das actividades subvencionadas.

DÉCIMO OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes e surtirá efectos desde o 01.01.2024. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h] e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será dun (1) ano.

DÉCIMO NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

VIXÉSIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Como mecanismo de coordinación e, de ser o caso, de solución de eventuais controversias, créase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas propios do convenio. Estará composta por un representante de cada entidade social e un número igual de técnicos municipais da Área de Benestar Social – CEDRO e presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área. Establecerá de común acordo as súas normas de funcionamento e corresponderánlle, entre outras, as seguintes funcións:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- 1) Velar polo correcto desenvolvemento do programa de prevención e as necesidades que poidan xurdir na implementación do mesmo.
- 2) Avaliar o cumprimento dos obxectivos propostos e, en xeral, da colaboración establecida.
- 3) Resolver as cuestións e controversias que poidan xurdir na execución do convenio.

Sen prexuízo da intervención previa desa Comisión mixta de Seguimento, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as beneficiarias da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- Para o caso de que as entidades participantes realicen algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberán dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e da Consellería de Sanidade.

VIXÉSIMO CUARTA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades beneficiarias e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social.

A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo).

Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO QUINTA.- A concesión das subvencións obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por cuadruplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

3(217).- RESOLUCIÓN RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19.12.2023 EN RELACIÓN CO «PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS E COMEDOR 2023-2024». EXPTE. 250717/301.

Visto o informe de fiscalización do 01/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/03/2024, asinado pola xefa de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto de Benestar Social, o xefe de Área e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 11.05.2023, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2023-2024», elaboradas polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 250717/301). Foron publicadas no BOP de Pontevedra nº 101, do 29.05.2023 e a convocatoria no BOP nº 105 do 02.06.2023.

I.2. O Programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor do Concello de Vigo está dirixido ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados do termo municipal de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2023 consignárase, na aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (–“*Becas libros, comedor*”), un crédito por importe de 1.327.589,40€ destinado, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades.

I.4. Durante o prazo de presentación de solicitudes, que rematou o 30.06.2023, presentáronse un total de 8.935, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Servizo de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acredi-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

tativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases.

I.5. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas de libros e comedor, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 05.12.2023).

I.6. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 12 deste Programa de axudas, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 19.12.2023 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria nos seguintes termos:

«PRIMEIRO: Autorizar o gasto de 1.826.756€ (141.500€ de libros e 1.685.256€ de comedor) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 e aprobar a ampliación en 260.419,13€ do RCFUT 202300097510 (688.380,00€) para facer fronte ó gasto representado polas axudas de comedor en 2024 (xaneiro-xuño 2024), que ascende a 948.799,13€.

SEGUNDO: Axudas municipais de libros e material escolar, Curso 2023-2024:

2.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.415 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O gasto de 141.500,00€ financiarase con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 – RC 202300097223 (135.000,00€), RC 202300007010 (6.500,00€) e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente nº 257548/301 e remata co nº 260056/301.

2.2. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 1.702 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse tamén no Anexo I, que comeza co expediente nº 257609/301 e remata co nº 260712/301, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

TERCEIRO: Axudas municipais escolares de comedor, Curso 2023-2024:

3.1. CONCEDER axudas municipais de comedor a 3.956 alumnas/os que reúnen os requisitos esixidos e que se pagarán, no ano 2023, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 202300097509 (604.209,40€), RC 202300007010 (132.247,47€).

O gasto de 948.799,13€ para axudas de comedor en 2024 (xaneiro-xuño 2024) financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 202300097510 (688.380,00€) que se propón ampliar en 260.419,13€.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo II (comedor), que comeza co expediente nº257548/301 e remata co nº 260056/301.

3.2. DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 1.862 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente nº 259312/301 e remata co nº 260712/301, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

CUARTO: Para o caso de que durante o Curso escolar 2023-2024 se producise unha situación extraordinaria que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (-“Becas, libros, comedor”).

QUINTO: Publicar este acordo e a documentación complementaria de resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa sobre estas axudas á Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), identificándoas coa clave “L” e a subclave 22.

SEXTO: Este acordo pon fin á vía administrativa e contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á súa publicación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.7. Contra ese acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición, co contido que será obxecto de análise neste informe-proposta.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado acordo da Xunta de Goberno Local do 19.12.2023, desestimatorio das súas solicitudes de concesión de axudas con cargo ás bases e convocatoria aprobadas.

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccetes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da axuda solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producese a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuí-

zo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido pola Comisión de Valoración (Acta do 19.03.2024), esta propón:

- Desestimar expresamente os recursos que se relacionan no ANEXO I, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 36.154.552-R (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 36140791-V (nº 33), toda vez que o acordo da XGL impugnado resulta axustado ás Bases do Programa de axudas e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos.
- Estimar os relacionados no ANEXO II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 53.184.811-W (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº Y2826793-S (nº 32), polas razóns que en cada caso se indican.
-

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-119 e 123-124 da LPACAP e a proposta efectuada pola Comisión de Valoración, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 19.12.2023 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas ó abeiro das «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2023-2024» que figuran no Anexo I, por incumprir algún dos requisitos reñados na Base Sexta.

O Anexo I comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 36.154.552-R (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 36140791-V (nº 33),

ANEXO I – RECURSOS DESESTIMADOS

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	N.º EXPEDIENTE	MOTIVO DESESTIMACIÓN
1	36154552R	230199695	259812-301	g)
2	36134853J	230179416	254232-301	g)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	N.º EXPEDIENTE	MOTIVO DESESTIMACIÓN
3	36176934G	230199285	260738-301	g)
4	Y7868400E	230163029	252626-301	g)
5	36113214V	230170136	253455-301	g)
6	36150430L	230159979	252343-301	g)
7	01852024H	230161338	252517-301	g)
8	53189961T	230200404	254661-301	g)
9	39465154Y	230165886	252970-301	g)
10	54506845L	230157331	252046-301	g)
11	53185521E	230174402	253980-301	g)
12	76914586X	230180244	254342-301	g)
13	05325071L	230170337	253465-301	g)
14	76904234P	230162307	252563-301	g)
15	36125511D	230199451	260443-301	g)
16	34627804Q	230165884	259617-301	g)
17	34876270J	230169384	257174-301	Base 2ª e ccetes.
18	53189836J	230160031	260202-301	g)
19	53190917J	230161731	253814-301	g)
20	36126490E	230158535	257253-301	g)
21	39486284E	230165953	260118-301	g)
22	36121143B	230158813	257309-301	g)
23	73241973Z	230159928	252330-301	g)
24	36169281X	230158501	252155-301	g)
25	39451214G	230168154	253243-301	g)
26	36163922X	230163676	257023-301	g)
27	07181518K	230200551	260200-301	g)
28	36150173S	230200681	260057-301	g)
29	36129486M	230161434	260665-301	g)
30	36093088Q	230171012	257177-301	g)
31	36171844C	230169942	257026-301	g)
32	53172342E	230162430	252576-301	g)
33	36140791V	230200485	259752-301	g)

Requisito incumplido:

Base 2ª e ccdtes.: As axudas para a adquisición de libros e material escolar son unicamente para o alumnado de Educación Infantil (2ª etapa): 3-5 anos.

Base 6ª:

(g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do subsidio básico da RISGA (2023: 5.630,40€). No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (2023: 5.630,40€).

SEGUNDO: Estimar os recursos que figuran no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 53.184.811-W (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº Y2826793-S (nº 32), polas razóns que en cada caso se indican. O gasto que comportaría a estimación dos recursos referidos ás axudas de comedor finánciase con cargo ás baixas producidas neste Programa, polo que non supón incremento do mesmo. O gasto correspondente ás axudas de libros e material escolar (2.500€) financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (–“Becas libros, comedor”).

ANEXO II – RECURSOS ESTIMADOS

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	MOTIVO (1)	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE/MES
1	53184811W	230198716	Erro material		45,00 €
2	Y5478088P	230281021	Erro material		45,00 €
3	36161791H	230167488	Erro material	100,00 €	
4	Y8726268J	230164379	Erro material	100,00 €	
5	60127775W	230168698	Erro material	100,00 €	
6	36101455B	230167615	Erro material	100,00 €	
7	36137392E	230165847	Erro material	100,00 €	
8	54231885R	230169377	Erro material		45,00 €
9	78516010J	230199351	Erro material	100,00 €	
10	36135255R	230200570	Deterioro sit. Económica (Base Sexta)		45,00 €
11	Y6217193P	230165930	Erro material		45,00 €
12	53195834P	230199845	Erro material		45,00 €
13	53185453T	230159514	Erro material	100,00 €	45,00 €
14	39453491G	230157260	Erro material	100,00 €	
15	Y9821877V	230161162	Erro material	100,00 €	
16	39457797D	230161394	Erro material	100,00 €	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	MOTIVO (1)	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE/MES
17	36113716J	230177094	Erro material	300,00 €	
18	35562274L	230166852	Erro material	100,00 €	
19	Y4740906E	230181531	Erro material	100,00 €	
20	54658149Y	230157289	Erro material	100,00 €	
21	X6658133R	230199220	Erro material		45,00 €
22	36169822E	230165993	Erro material	100,00 €	
23	36177706V	230170579	Erro material	100,00 €	
24	Y4747213G	230168576	Erro material	100,00 €	
25	44464356C	230164366	Erro material	100,00 €	45,00 €
26	36158510A	230163271	Erro material	100,00 €	
27	X7925462F	230159823	Erro material		45,00 €
28	X9224984Y	230163736	Erro material	100,00 €	
29	36173740F	230164642	Erro material	100,00 €	
30	76909863W	230197546	Erro material	200,00 €	90,00 €
31	36134253B	230163516	Erro material		45,00 €
32	Y2826793S	230200598	Erro material		45,00 €
TOTAL				2.500,00 €	

(1) A explicación concreta do motivo de estimación dos recursos (“*Erro material*” – “*Deterioro sit. Económica*”) está recollida en cada un dos respectivos expedientes.

TERCEIRO: Publicar este acordo no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa sobre estas axudas á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

CUARTO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución dos recursos de reposición non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste acordo».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(218).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE AGASALLOS E PLACAS CONMEMORATIVAS PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19840/101.

Visto o informe de fiscalización de data 01/04/2024, sométese a aprobación á proposta da Mesa de Contratación realizada o 26/03/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1) e CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2) en 8 de marzo de 2024. Estes presentan a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, o resgardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA (de CARLOS FERNÁNDEZ POL, xa que EUROCEBRIÁN, S.L. non está inscrita) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de xaneiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Concello de Vigo (expediente 19840-101) que contén o prego de prescricións técnicas particulares asinado con data 13 de decembro de 2023 pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e mais pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 29 de decembro de 2024 asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto total por importe de 14.321,88 € ive engadido, sendo o importe correspondente ao 21% de ive de 2.485,61 €, que se tramitará como gasto anticipado con cargo á aplicación 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) da Alcaldía para os exercicios 2024 e 2025.

Sendo os importes de cada un dos cinco lotes os seguintes:

- *LOTE 1: 5.940,24 (ive incluído); prezo unitario/placa: 99,00 € (ive incluído).*
- *LOTE 2: 2.608,80 € (ive incluído); prezos unitarios a): prezo unitario figura tamaño grande: 79,71 € (ive incluído) e b): prezo unitario figura tamaño pequeno: 50,72 € (ive incluído)*
- *LOTE 3: 3.043,61 € (ive incluído); prezo unitario por placa en bronce 1.014,53 € (ive incluído).*
- *LOTE 4: 990,03 € (ive incluído); prezo unitario por placa conmemorativa 99,00 € (ive incluído).*
- *LOTE 5: 1.739,20 (ive incluído); sendo o prezo unitario por metopa: 43,47 € (ive incluído).*

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 8 de marzo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 7 de marzo de 2024 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por EUROCEBRIAN, S.L. neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1

	<i>Empresas licitadoras</i>	<i>Total de puntos</i>
1	<i>EUROCEBRIAN, S.L.</i>	<i>100,00</i>
2	<i>CARLOS FERNÁNDEZ POL</i>	<i>51,46</i>

- *LOTE 2*

	<i>Empresas licitadoras</i>	<i>Total de puntos</i>
1	<i>CARLOS FERNÁNDEZ POL</i>	<i>100,00</i>

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1) e CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1) e CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2), o día 8 de marzo de 2024, que presenta a documentación requirida os días 14, 21 e 22 de marzo, EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1), e o día 16 de marzo de 2024, CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2), dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1)

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da empresa, o nomeamento do apoderado e a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (4.158,17 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (4.158,17 €), presentan certificado de boa execución no que o importe do ano 2022 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención da garantía no prezo do contrato.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

- CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2)

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o nomeamento do seu apoderado, os certificados positivos de débedas da TGSS, AEAT e ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (6.036,91 €), presentan modelo do IRPF de Actividades económicas en estimación directa do ano 2023 no que o volume de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (1.826,16 €), presentan certificado do Concello de Vigo no que o importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Xustificante de transferencia por un importe cada un de 107,80 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 26 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1) e CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1) e CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 2 de febreiro de 2024 e 15 de febreiro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Adxudicar a EUROCEBRIAN, S.L. o Lote 1 do procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 5.940,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.030,95 euros.*
- b) A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 1 é do 29,5 %.*

2º.- Adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL o Lote 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 2.608,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 452,76 euros.*
- b) A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 2 é do 1 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

5(219).- BASES E CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO CORRESPONDENTES AO ANO 2024. EXPTE. 89113/332.

Visto o informe de fiscalización de data 01/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Seguindo instrucións da concelleira da Área de Goberno de Educación, iniciáronse os contactos coa dirección da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para colaborar novamente nunha edición máis con esta institución educativa no desenvolvemento do Programa de estancias lingüísticas no estranxeiro que promove ese Centro. Cómpre sinalar que esta iniciativa municipal supón unha continuidade na prestación da mesma, xa que en cumprimento da vontade manifestada pola Alcaldía de Vigo, o Concello de Vigo vén colaborando coa EOIV de xeito continuo e ininterrompido dende o ano 2009, mediante a convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais destinadas a financiar as actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino para o alumnado da EOIV que, cumprindo os requisitos específicos da convocatoria, posúe un mellor expediente académico.

Para esta finalidade, a EOIV elaborou un programa marco (achégase Acta da reunión do 07/03/2024 da EOIV presentada no Rexistro electrónico co código de solicitude W1074649-1759 e co nº de doc 240082603 en data de entrada 07/03/2024), que figura como **Anexo** nas Bases que se inclúen no presente expediente, consistente no desenvolvemento dun curso de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia de dúas semanas de duración en cidades do Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China. Esta institución calculou asemade, mediante consulta a provedores deste tipo de servizos, os custos/persoa para o desenvolvemento do programa e en función da porcentaxe de alumnado que ten matriculado por idioma e o volume de solicitudes por idioma que esta iniciativa municipal vén tendo en pasadas edicións, propuxo o número de beneficiarios/as das bolsas para cada lingua estranxeira.

Achégase ao presente expediente cadro ou estimación económica, tendo en conta prezos de mercado e balances das edicións anteriores, que serve de base para a determinación da contía, sobre a cal se fixaron as cantidades para cada bolsa, e finalmente foi redistribuída a contía total dispoñible entre os diversos destinos, e en función do número de bolsas para cada un deles.

O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE publicada no BOE nº 340 do 30/12/2020), nos seus artigos 25 e 26 recolle nos seus principios pedagóxicos que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorizábase a comprensión e expresión oral. En consecuencia, o dominio dunha 2ª ou in-

cluso 3ª lingua estranxeira é un factor determinante para a adquisición dunha acreditada competencia plurilingüe, que posibilitará que o alumnado acadese un nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita que vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

Por outra banda, o artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuír aos fins establecidos nesta lei.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional, que sen dúbida algunha constitúe un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global que demanda maior manexo e dominio doutras linguas.

En consecuencia estas estadias lingüísticas no estranxeiro, posúen un grande valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez noutras linguas e potenciar a capacidade comunicativa nas mesmas, convertendo ao alumnado de Vigo, ao entrar en contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para iso, todo o alumnado da EOIV beneficiario destas bolsas municipais levará ao país de destino información de carácter turístico de Vigo e relacionada coa promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento das actividades formativas nas localidades de inmersión lingüística, e igualmente chegarán ao persoal educativo responsable dos distintos centros académicos formativos e residencias de estudantes en destino, distinto soporte documental específico en diversos formatos (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercicio das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

- Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova convocatoria das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV para o ano 2024, que nas súas edicións anteriores ten acadado óptimos resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación noutras linguas do alumnado vigués.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Con estas premisas, dende este Servizo Municipal de Educación, en contacto coa dirección da EOI de Vigo, redactáronse as Bases da convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2024, cuxa proposta de clausulado da convocatoria, obra no expediente **89113/332**.

O obxecto da proposta desta convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuir a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das bolsas “Concello de Vigo” nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e proceder a súa convocatoria.

A concesión destas bolsas de estudos efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

De acordo co disposto no artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2024 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto, o procedemento de concesión destas axudas rexeráse polas súas propias Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En atención á especificidade da subvención e de acordo co disposto no artigo 20. 2. a) da LSG as bases reguladoras da subvención inclúense na convocatoria da mesma.

As Bases recollen todos os elementos necesarios para a selección dos beneficiarios/as das seguintes bolsas. As contías das bolsas son diferenciais en función do país de destino, habida conta de que os custos das actividades varían segundo sexa a estancia nun ou noutro país. As bolsas non tratan de cubrir todos os custes, senón aqueles que se estiman dentro dos elexibles e que constan nas bases.

Tramítase esta convocatoria de subvencións, que establece como límite superior das dotacións a cantidade de 175.000 euros que será aplicado con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2024.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/bolsa .-€	Importe total .-€
50	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	85.000,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	18.700,00

8	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
15	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	25.500,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.450,00	5.800,00
10	Xapón	B1, B2	2.200,00	22.000,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
100				175.000,00 €

Tal e como se indica na primeira das Bases, os conceptos subvencionables para cada bolsa son os seguintes:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elixida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.

- Gastos da viaxe de ida e volta para o desprazamento en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou en avión dende o aeroporto de Vigo, cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elixida libremente polo/a bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.

O voo dende Vigo poderá aterrizar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Os desprazamentos internos ao longo da estada formativo lingüística quedan excluídos do programa.

- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o primeiro e o último día dende o aeroporto até a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- Matrícula e custo do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.

- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

- Aloxamento en hotéis, hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.

- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Dun xeito resumido, as características básicas das bolsas son as seguintes:

- Dirixidas ao alumnado que curse os seus estudos no presente curso académico 2023-2024, na sede central da EOIV (avda. Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións;

- En calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán.

- En calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- En calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés.
- No segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés.

Establécese un número de bolsas aproximadamente proporcional ao número de alumnos/as matriculados na EOIV nas distintas especialidades.

- Financiarase, ata o límite económico indicado para cada bolsa, a realización íntegra do “programa de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro” promovido pola EOI de Vigo. Este programa esencialmente consta da estancia, alternativamente, en cidades de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China, coa realización dun curso especializado de perfeccionamento no idioma respectivo, impartido por unha entidade homologada no país de destino.

- Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

- A realización efectiva por parte do alumnado do programa subvencionado deberá realizarse dentro do ano 2024 e, consecuentemente, a xustificación da subvención, deberá realizarse antes do remate do mes de outubro do ano 2024.

Para acometer o gasto global de 175.000 euros na convocatoria do ano 2024, tramítase esta convocatoria de subvencións con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2024.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 175.000 euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 “Becas estudos internacionais EOIV” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2024.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión das 100 bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2024, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión das 100 bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2024, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

- Os modelos de formularios normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2024

PRIMEIRA.- *Obxecto e finalidade*

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, entre o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés; a fin de que participe nun programa educativo no país do idioma correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

A bolsa irá destinada a financiar parte dos seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elixida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.

- Gastos da viaxe de ida e volta para o desprazamento en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou en avión dende o aeroporto de Vigo, cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elixida libremente polo/a bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.

O voo dende Vigo poderá aterrar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.

- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o primeiro e o último día dende o aeroporto até a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- Matrícula e custo do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.

- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

- Aloxamento en hoteis, hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.

- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Estas bolsas municipais non contribuirán a sufragar gastos distintos aos estritamente mencionados anteriormente na presente base.

O programa deberá realizarse, dentro do ano 2024, e nunca despois do remate do mes de outubro do ano 2024.

SEGUNDA.- Número de bolsas, destinos e contía

A contía máxima de cada bolsa será a seguinte:

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/bolsa .-€	Importe total .-€
50	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	85.000,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	18.700,00
8	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
15	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	25.500,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.450,00	5.800,00
10	Xapón	B1, B2	2.200,00	22.000,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
100				175.000,00 €

No caso de non se cubriren a totalidade das bolsas para algún dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente e coa mesma dotación económica da bolsa que xerou a vacante a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten lista de agarda.

E serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos outros idiomas. No caso de producírense empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda cuxa renda sexa menor. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de maior idade.

O importe da bolsa deberá ser destinado na súa totalidade e exclusivamente ao financiamento do programa de estancias lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo, para esta convocatoria 2024, cuxa síntese se inclúe como Anexo das presentes bases.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 175.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 "Becas estudos internacionais" do exercicio de 2024.

TERCEIRA.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente **será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO**, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CUARTA.- Procedemento da concesión

O procedemento para a concesión destas bolsas será o de concorrencia competitiva, conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- Beneficiarios/as e requisitos

1. Os beneficiarios/as da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

I.- Estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro 2023, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

II.- Ter a maioría de idade legal de 18 anos na data de fin do prazo de presentación de solicitude da bolsa.

III.- Estar matriculado/a na sede central EOI de Vigo (avda. Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés ou chinés no curso 2023-2024.

IV.- Ter aprobados dous cursos oficiais presenciais ou semipresenciais na EOI de Vigo nos últimos 5 cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.

V.- Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

VI.- Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións no mesmo idioma, ou nos últimos cinco cursos académicos nun idioma diferente.

VII.- Non ter gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

VIII.- Que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos agás oposición expresa do interesado que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no Formulario de Solicitude on line, en cuxo caso xuntará a/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

novembro, xeral de subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

IX.- Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.

X.- Estar situado nun lugar da orde de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas.

2. Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as interesados/as.

3. As bolsas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

4. Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das bolsas, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 da LXS e 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Facilitar toda a información que fose requirida polo Concello de Vigo no proceso de xestión e aboamento destas axudas.
- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Servizo de Educación a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a este e á Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das subvencións.

SEXTA.- Compatibilidade

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2024, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

SÉTIMA.- Solicitudes e documentación

1. Solicitudes:

Para iniciar o proceso de presentación de solicitude durante o prazo habilitado ao efecto, os interesados deberán cubrir o formulario electrónico de uso obrigatorio a través da aplicación en liña dispoñible na páxina <https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>. Unha vez cuberto este formulario, gravaranse os datos na aplicación en liña, o que permitirá ao interesado/a elixir posteriormente entre a presentación telemática a través da sede electrónica do Concello de Vigo ou presencial a través da oficina de rexistro.

Unha vez cuberto en liña o formulario, é requisito imprescindible asinalo e rexistralo por algunha das seguintes vías:

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Entrando na ligazón web <https://www.vigo.org/solicitude-bolsaseoiv>, cubrir os campos requiridos, premer o botón "tramitar por internet" e acceder á carpeta cidadá para rexistrar o formulario de solicitude. (deberá dispoñer de certificado dixital, DNI electrónico, usuario e contrasinal do Concello...),

sendo necesario asinalo por calquera dos medios de sinatura admitidos na sede electrónica que se poden consultar na ligazón “https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=sede_firma”.

Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

- **Solicitude presencial:** Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado na páxina web <https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>, deberase obrigatoriamente imprimir e asinar polo solicitante e, acompañado da documentación requirida se fose necesario, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9:00 a 13:30 horas (previa cita nos teléfonos 010 / 986810260 / 986810100 ou na web “citaprevia.vigo.org”), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo postal, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o/a funcionario/a da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa “Vigo en Inglés” ubicada no Servizo municipal de Educación (a través do e-mail “vigoeningles@vigo.org”), xustificante do envío postal.

É imprescindible que o formulario de Solicitude vaia asinado, o que poderá facerse manual ou dixitalmente.

A presentación da solicitude desta axuda levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación nas páxinas web do Servizo de Educación do Concello de Vigo e da EOIV, así como nos taboleiros de anuncios oficiais de ámbalas dúas institucións.

2. Documentación:

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderase achegar electrónicamente mediante o seu escaneado no lugar indicado no Formulario de Solicitude, na sede electrónica ou ben presentar fisicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial no rexistro.

- Formulario de solicitude debidamente cuberto e asinado.
- Fotocopia simple do DNI do solicitante ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).
- Xustificación de ingresos: unicamente aqueles que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade familiar. No caso de non ter presentada a declaración da renda, teranse en conta os datos fiscais que proporcione a Axencia Tributaria. A non presentación da documentación acreditativa de ingresos ou situación económica de renda e patrimonio, dentro do prazo establecido, suporá a renuncia implícita de ser valorado neste apartado do baremo que se recolle no punto oitavo, e se lle outorgará cero puntos.
- Certificación académica orixinal da EOI de Vigo na que conste:
 - A cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais presenciais e semipresenciais aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos cursos académicos, no idioma no que solicita a bolsa.
 - Que está matriculado na EOI de Vigo no curso 2023-2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- Fotocopia simple do libro de familia completo na que figuren todos os membros da unidade familiar (no caso de non ter libro de familia terá que presentarse documentación que acredite o número de membros da unidade familiar) ou acreditación de outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor, convenio regulador ou sentenza de separación para acreditar a condición de familia monoparental, se é o caso.
- Certificados que acrediten que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Axencia tributaria estatal, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Seguridade Social; só para os solicitantes que se opoñan expresamente á consulta e verificación telemática dos seus datos. Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello a obter os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas fiscais e Seguridade Social.
- A situación dos compoñentes ou integrantes da unidade familiar individual comprobarase de oficio pola propia administración mediante a emisión do certificado municipal de empadramento.
- Certificado de períodos de inscrición do Servizo Público de Emprego Galego que acredite a situación de desemprego e Informe de Vida Laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Documentación acreditativa do nº de conta bancaria co IBAN do/a solicitante.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e desfrute da bolsa municipal falseando as condicións requiridas, ou ocultando aquelas que o impedisen, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custo da bolsa concedida e a esixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Tramitación e emenda de solicitudes.

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa dos mesmos, e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que no prazo de 10 días hábiles, emende a solicitude ou acompañe os documentos preceptivos coa advertencia de que, no caso de non o facer, se entenderá que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

NOVENA.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais presenciais e semipresenciais aptos realizados nesta Escola e desenvolvidos nos 5 últimos cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.

- Engadiranse á cualificación final acadada: franxas de 0,35 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos cinco cursos académicos, contados a partir do 3º inclusive, no idioma no que se solicite a bolsa.

- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o segundo curso do nivel avanzado C1 dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; o nivel avanzado C1 do idioma portugués; o terceiro curso do nivel intermedio B1 ou o primeiro ou segundo curso do nivel B2 do idioma xaponés; así como o segundo ou terceiro curso do nivel intermedio B1 e o primeiro curso do nivel intermedio B2 do idioma chinés.

- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o nivel avanzado C2.

- Pola situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:

No caso de levar en situación laboral de desemprego máis de 12 meses ininterrompidos = 1 punto.

No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.

- Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado en 8.400,00.-€/ano: outorgarase ata un máximo de 1 punto.

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

- Categoría Especial = 1 punto

- Categoría Xeral = 0,5 puntos

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental: outorgarase ata un máximo de 0,5 puntos.

- Con todo, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda sexa menor, ordenándose a lista por este criterio para adxudicar as bolsas restantes e tamén a lista de agarda. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de maior idade. As bolsas serán adxudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases.

- Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listas do seu resultado, formarase unha lista de agarda ordenada pola puntuación final obtida para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial seleccionada en cada un dos idiomas obxecto desta convocatoria.

Para o caso de que, unha vez adxudicadas, haxa prazas vacantes por renuncia, serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda, que seguirá o procedemento establecido na presente cláusula.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

DÉCIMA.- Comisión de Valoración

Coa finalidade de examinar e avaliar a documentación presentada polos solicitantes, constituirase unha Comisión de Valoración, que estará integrada pola concelleira delegada de Educación, Dna. Olga Alonso Suárez que actuará de presidenta; a xefa do Servizo de Educación, Dna. María José Loureiro Bada e o técnico do Servizo de Educación, D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, que actuará como secretario; serán vogais da mesma: a Directora da EOIV, Dna. Laura Torrado Mariñas, e a Vicedirectora da EOIV, Dna Helen Avery Burr.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto noveno e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional, na que se concretará o resultado da avaliación debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da bolsa, seguidas das solicitudes que aínda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a bolsa por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o “listado de agarda”, finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional non crea dereito ningún a favor do/a beneficiario/a ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poida xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Concesión e resolución das axudas

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, que previamente terá examinado e resolto as alegacións achegadas polos/as interesados/as, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, nº de expediente, curso, destino e resolución das axudas/prazas indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega.

Así mesmo, o Servizo municipal de Educación, como Instrutor, de conformidade co recollido na cláusula sétima, fará constar expresamente, que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Na relación constarán:

1. Concedidas.
2. Denegadas: con indicación da/s causa/s de denegación.
3. Lista de agarda: con indicación da puntuación correspondente.

A Xunta de Goberno Local aprobará a listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda.

Esta relación publicarase na páxina web www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e no taboleiro de anuncios e web da EOI Vigo (www.eoidevigo.org).

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

DÉCIMO SEGUNDA.- *Aceptación da axuda*

Os alumnos e alumnas aos que se lles adxudique a axuda definitiva, previo acordo da Xunta de Goberno Local, e polo tanto que resulten beneficiarios e beneficiarias das bolsas, deberán tramitar no prazo habilitado ao efecto vía telemática no sitio web "<https://vigo.org/bolsaseoiv>" a aceptación expresa da axuda asignada. Para isto disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

A non xustificación da aceptación da axuda mediante a tramitación do proceso anteriormente descrito, dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á axuda adxudicada.

DÉCIMO TERCEIRA.- *Xestión de prazas vacantes por renunciias*

No caso de que un beneficiario/a definitivo de bolsa de calquera dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases renunciase á mesma, a bolsa vacante xerada por esta renuncia será ofertada por chamamento directo ao alumnado incluído na lista de agarda do mesmo idioma no que se produce a renuncia, segundo a relación de lista de agarda do dito idioma, aprobada pola Xunta de Goberno Local.

No caso de non existir lista de agarda no idioma no que se produce a renuncia, a bolsa vacante acumularase automaticamente a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten lista de agarda, que serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos outros idiomas. No caso de se produciren empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda cuxa renda sexa menor, e no caso de persistir o empate, darase preferencia ao solicitante de maior idade.

DÉCIMO CUARTA.- *Xustificación e pagamento*

Aos efectos de xustificar a realización do obxecto da subvención, os beneficiarios/as deberán presentar ao remate da súa estadía de inmersión lingüística facturas orixinais, ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados e para os que se concedeu a subvención. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Educación municipal procederá ao carimbado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal carimbado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Esta factura ou documento equivalente deberá ir acompañada do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Acompañarase obrigatoriamente a esta factura, certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

Este pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a farase trala realización efectiva do programa e previa presentación no Servizo municipal de Educación das correspondentes facturas orixinais, certificacións ou documentos equivalentes, emitidas a nome do solicitante polo importe total dos custos e coa certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa debera realizarse polo/a beneficiario/a antes do remate do mes de outubro do ano 2024.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade

1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes Bases reguladoras e a Convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org), así como nun diario local impreso de maior tirada.

A publicación do Extracto enviado pola BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas Bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

2. Publicidade das subvencións concedidas.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

A resolución que acorde a concesión das bolsas, con expresión do/a alumno/a solicitante, expediente, finalidade da axuda (Bolsas Concello de Vigo ano 2024) e a resolución atribuída

(concedida, denegada ou lista de agarda), publicarase nos taboleiros de anuncios e webs citadas de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

DÉCIMO SEXTA.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

DÉCIMO SÉTIMA.- *Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción*

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da/o beneficiaria/o da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de subvencións de Galicia. A renuncia ou anulación de matrícula do curso 2023-2024 dará lugar ao reintegro da cantidade percibida.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

DÉCIMO OITAVA.- *Tratamento de datos de carácter persoal*

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente as *Bolsas do Concello de Vigo de estancias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), correspondentes ao ano 2024.*

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición para os efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións Públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO NOVENA.- *Disposición final*

A presente convocatoria rexerese polas súas bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Estas bolsas de estudos están recollidas no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de marzo de 2024.

A presentación da solicitude implica que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria, e o cumprimento de todas as obrigas nelas establecidas.

ANEXO
PROGRAMA DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA
OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO.

(BOLSAS CONCELLO DE VIGO. ANO 2024)

Aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo: Acta da Comisión de Valoración do “Programa Estancias Lingüísticas no Estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo das Bolsas “Concello de Vigo 2024” no día 07 de Marzo de 2024.

Características mínimas do Programa de Formación

Como mínimo cumprirase cos seguintes termos.

1. Curso de lingua

- **Duración do curso contratado:** 2 semanas (días lectivos: luns – venres)
- **Número mínimo de horas lectivas por semana contratadas:** 15 horas / semana (podendo ser divididas en leccións dunha duración mínima de 45 minutos, por exemplo 20 leccións de 45 minutos ou 18 leccións de 50 minutos)
- **Duración mínima de cada lección:** 45 minutos.
- **Número máximo de estudantes por aula:** 16 alumnos.
- **Profesorado Nativo** na lingua de destino.
- Realización de **Test de nivel**.
- **Diploma acreditativo** da realización do programa.
- **Características dos centro de estudos:**
 - Acreditación/certificación dos centros de estudo: No caso do Reino Unido debe de estar acreditado polo British Council, e nos destinos restantes, nos que sexa posíbel, por algún organismo nacional ou internacional.
 - A localización: No centro das cidades dos destinos ou cerca da cidade con boa conexión.
 - Recursos: Deben de estar equipados con instalacións modernas (ordenadores, acceso a internet, biblioteca multimedia, espazo de estudos, etc).

2. Aloxamento

O aloxamento dependendo do destino, poderá ser: **Hotel, hostel ou Residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos, con habitación dobre compartida e baño compartido. Deberá estar ben comunicado coa escola.**

3. Desprazamentos

O desprazamento poderá ser en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou avión dende o aeroporto de Vigo á cidade de destino, tanto na ida como na volta. Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo-lingüística quedan excluídos do Programa. Só nos destinos no Reino Unido e Irlanda, incluírase o desprazamento en autobús dende o aeroporto á residencia e viceversa.

4. Acompañamento

Nos destinos no Reino Unido ou Irlanda, acompañará un monitor da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas.

5.Seguros

Seguro médico e de asistencia en viaxe.

Distribución e desglose das cuantías económicas das bolsas por destino:

Nº de bolsas	Destino	Niveis Alumnado Beneficiario	Contía bolsa euros	Importe total euros
50	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	85.000,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	18.700,00
8	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
15	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	25.500,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.450,00	5.800,00
10	Xapón	B1, B2	2.200,00	22.000,00



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Nº de bolsas	Destino	Niveis Alumnado Beneficiario	Contía bolsa euros	Importe total euros
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
100				175.000,00.- €

Recoméndase aos posibles beneficiarios/as das bolsas "Concello de Vigo 2024" contratar a prestación dos servizos da viaxe, curso e estadia cunha empresa ou entidade cualificada e especializada da súa libre e voluntaria elección, que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa formativo-lingüístico aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV).

Entendemos que para cada beneficiario/a pode resultar unha tarefa complicada a xestión de xeito individual de toda a loxística organizativa que inclúe o disfrute da bolsa municipal (desprazamento, aloxamento en destino, escola que imparta o programa formativo validado pola EOIV, coberturas de seguros...), polo que se garante unha xestión máis efectiva e eficiente recorrendo a empresas especializadas do sector que teñen un coñecemento exhaustivo no campo da promoción do plurilingüismo, e da mobilidade noutros países co obxectivo de acceder ao coñecemento de linguas estranxeiras e á diversidade cultural.

Programa formativo: características específicas recomendábeis

Destino	Tipo Aloxamento	Nº Becas
Reino Unido / Irlanda	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.	50
Francia	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	11
Alemaña /Austria	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	8
Italia	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	15
Portugal	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	4
Xapón	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	10
China	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	2

Total Borseiros: 100

Características Destinos / Estadías:

Reino Unido / Irlanda	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	1. Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo 2. A Escola deberá estar acreditada (ex: British Council).
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.

Situación:	Deberá estar ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 50	

Francia:	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	1. Test de Nivel e Diploma Acreditativo 2. A Escola deberá estar acreditada (ex: TEF, UNOSEL, Chambre de Commerce et d'industrie de Paris,...)
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 11	

Alemaña / Austria	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 8	

Italia:	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	1. Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 15	

Portugal:	
------------------	--



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	1. Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
Total Bolsas		4

Xapón:		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	1. Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
Total Bolsas		10

China:		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	1. Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
Total Bolsas		2

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2024.

Primeiro. OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto destas axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional, a través do financiamento das actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino, a realizar dentro do ano 2024 e nunca despois do remate do mes de outubro do ano 2024.

Segundo.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

Terceiro.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 175.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 "Becas estudos internacionais EOIV" do exercicio de 2024.

Cuarto.- NÚMERO DE BOLSAS, DESTINOS E CONTÍA.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/bolsa .-€	Importe total .- €
50	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	85.000,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	18.700,00
8	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
15	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	25.500,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.450,00	5.800,00
10	Xapón	B1, B2	2.200,00	22.000,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
100				175.000,00 €

Quinto.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elixida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.
- Gastos da viaxe de ida e volta para o desprazamento en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou en avión dende o aeroporto de Vigo, cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elixida libremente polo/a bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

O voo dende Vigo poderá aterrar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.

- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o primeiro e o último día dende o aeroporto até a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.
- Matrícula e custo do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento en hoteis, hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.
- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Sexto. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta bolsa o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico: en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

Os demais requisitos que deben cumprir os/as beneficiarios/as da presente convocatoria recóllense na base quinta das que a rexen.

Sétimo.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Oitavo.- DOCUMENTACIÓN.

A documentación que corresponda presentar en cada caso relaciónase na base sétima das que rexen a presente convocatoria.

Noveno.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

O Servizo municipal de Educación será o encargado da instrución do procedemento de concesión das bolsas. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración.

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, que previamente terá examinado e resolto as alegacións achegadas polos/as interesados/as, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria, con listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda.

Décimo. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais presenciais e semipresenciais aptos realizados nesta Escola e desenvolvidos nos 5 últimos cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.

- Engadiranse á cualificación final acadada: franxas de 0,35 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos cinco cursos académicos, contados a partir do 3º inclusive, no idioma no que se solicite a bolsa.

- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o segundo curso do nivel avanzado C1 dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; o nivel avanzado C1 do idioma portugués; o terceiro curso do nivel intermedio B1 ou o primeiro ou segundo curso do nivel B2 do idioma xaponés; así como o segundo ou terceiro curso do nivel intermedio B1 e o primeiro curso do nivel intermedio B2 do idioma chinés.

- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o nivel avanzado C2.

- Pola situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:

No caso de levar en situación laboral de desemprego máis de 12 meses ininterrompidos = 1 punto.

No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.

- Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado en 8.400,00.-€/ano: outorgarase ata un máximo de 1 punto.

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

- Categoría Especial = 1 punto

- Categoría Xeral = 0,5 puntos

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental: outorgarase ata un máximo de 0,5 puntos.

Décimo primeiro. PUBLICIDADE.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

As presentes Bases reguladoras e a Convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org), así como nun diario local impreso de maior tirada.

A publicación do Extracto enviado pola BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Décimo segundo.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

O alumnado da EOIV beneficiario das bolsas deberá xustificar antes do 31 de outubro de 2024 (incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

Décimo terceiro.- PAGAMENTO.

O pago da contía total da subvención ao alumnado da EOIV que resulte beneficiario/a terá lugar tras a xustificación polo/a alumno/a da EOIV beneficiario/a, da realización da actividade para a que se concedeu a subvención, achegando a documentación preceptiva para elo establecida nas bases da convocatoria.

Décimo cuarto.- RECURSOS PROCEDENTES.

Contra as bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Décimo quinto.- NORMATIVA E BASES REGULADORAS.

Esta convocatoria rexeráse polas súas Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do

Real Decreto 887/2006; polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA xx/xx/2024 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV), ANO 2024.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Código BDNS xxxxxx

Primeira.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Segunda.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 175.000,00 € (cento setenta e cinco mil Euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 “Becas estudos internacionais EOIV” do exercicio 2024.

Terceira. - BENEFICIARIOS.

Alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico: en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

Cuarta.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

Quinta.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Sexta.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local, e na web www.vigo.org, e na web www.eoidevigo.org.

Sétima.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O alumnado da EOIV beneficiario/a das bolsas deberá xustificar antes do 31 de outubro de 2024 (incluído).

OITAVA.- PAGAMENTO.

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a podería aplicarse á retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

6(220).- ACTUALIZACIÓN DA ESTRUCTURA SALARIAL DAS PERSOAS TRABALLADORAS BENEFICIARIAS DO "ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓN S OCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓN S REALIZADAS NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO". EXPTE. 20763/77.

Visto o informe de fiscalización do 01/04/2024, sométese a aprobación do informe-proposta de data 19/03/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. O Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, que se atopa prorrogado para o presente ano, resulta de aplicación a todo o persoal beneficiario contratado nos distintos programas de emprego.

Segundo o reflectido en dito Acordo Marco nos seus artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as), *as retribucións actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano.*

II. A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 30 de abril de 2020**, aprobou en expte. 17046/77, a actualización da estrutura salarial dos traballadores beneficiarios do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do plan de emprego 2001-2007", logo do acordo adoptado na Comisión de Seguimento do Acordo marco reunida o 5 de marzo de 2020, formada por representantes do Concello de Vigo e centrais

sindicaís (CC.OO, UXT e CIG), a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade de cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, xa que como consecuencia dos sucesivos incrementos do Salario Mínimo Interprofesional víñase producindo un desequilibrio nas retribucións das distintas categorías (publicación en BOP nº 88 do 11 de maio de 2020):

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Diferencia % co grupo inferior	
Licenciado	1.823,36	303,89	2.127,25	2.127,25	84/a	32,75	696,68	2.823,93	17,21%	
Diplomado	1.555,64	259,27	1.814,91	1.814,91	84/a	32,75	594,38	2.409,30	25,37%	
Xefe administrativo	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/a	32,75	474,10	1.921,75	17,45%	
Delineante	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/-	32,75	474,10	1.921,75		
Técnico PRL	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/-	32,75	474,10	1.921,75		
Capataz-Construción	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/d	37,80	547,21	1.994,86		
Auxiliar topógrafo	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/-	32,75	403,67	1.636,24		
Oficial albanel	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48	11,21%	
Oficial electricista	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48		
Oficial fontaneiro	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48		
Of. Carpintería aluminio	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48		
Oficial Carpintería metálica	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48		
Of. Desinfección	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/g	37,80	465,91	1.698,48		
Of. Carpintería madeira	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48		
Of. Pintor	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48		
Of. mecánica automoción	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48		
Of. xardinaría	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/g	37,80	465,91	1.698,48		
Of. conducción	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/f	37,80	465,91	1.698,48		
Auxiliar administrativo	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/a	32,75	362,98	1.471,31		0,00 %
Peón Xardinaria-Forestal	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/g	37,80	418,95	1.527,28		
Peón construción	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/d	37,80	418,95	1.527,28		

III. A Xunta de Goberno local, na súa sesión ordinaria do 5 de marzo do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007”, en aplicación do incremento do 0,9% en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo aos programas de emprego en virtude da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 (expte 18014-77).

IV. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de outubro do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007”, derivadas da entrada en vigor Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021, que establece no seu Art. 1º a Contía do SMI (que queda fixado en 32,17 euros/día ou 965 euros/mes, segundo o salario estea fixado por días ou por meses), aplicando unha suba con efectos desde o 01/09/2021 a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios (Expte. 18714/77).

V. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2022, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” derivadas da entrada en vigor da Lei 22/2021, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 2% con efectos desde o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente (Expte.18945/77).

VI. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do ‘Acordo Marco de regulación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007", prorrogado o ano 2022, debido a entrada en vigor do Real Decreto 152/2022, de 22 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2022, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, aplicando unha suba con efectos dende o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios (Expte. 19004-77).

VII. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2023, adoptou o acordo de "Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do 'Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007", prorrogado o ano 2023, debido á entrada en vigor da "Resolución de 24 de outubro de 2022, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 1,5 por ciento previsto en el artículo 23 del Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución a la reducción del consumo de gas natural en aplicación del "Plan + seguridad para tu energía (+SE)", así como medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias", á "Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023" e ao "Real Decreto 99/2023, de 14 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2023", para establecer os salarios correspondentes ao ano 2023, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores (Expdte. 19925-77).

VIII. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de marzo de 2024 adoptou o acordo de actualización das retribucións do persoal traballador beneficiario e técnico e xestor, incluídas nas táboas salariais do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor da "Resolución de 5 de octubre de 2023, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 0,5 por ciento vinculado a la evolución del IPCA previsto en el artículo 19.Dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023", co 0,5% de subida adicional como consecuencia da evolución do IPC armonizado (IPCA)", así como a "Resolución de 7 de febrero de 2024, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 06/02/2024, por el que se aprueba el incremento del 0.50 % en las retribuciones del personal al servicio del sector público en aplicación de lo previsto en el artículo 19.Dos.2.b) de la Ley 31/202, de 23/12, de PGE para el año 2023" e do "Real Decreto 145/2024, de 6 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2024", para establecer os salarios correspondentes a este ano 2024, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente (Exp.20730-77).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia da proposta de gasto para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias: a) *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos*; b) *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores*; d) *a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así coma a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter coxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas, e outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.*

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados; e sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

De conformidade co anteriormente exposto, queda determinada a competencia municipal da presente proposta de gasto para a actividade de fomento do emprego, considerada prioritaria Nesta Administración municipal mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 0903/2012, en atención ao seu persoal beneficiario e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

II. Disfuncións:

A estrutura salarial aprobada pola Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 30 de abril de 2020**, en expte. 17046/77, previo acordo adoptado na Comisión de Seguimento do Acordo marco reunida o 5 de marzo de 2020, formada por representantes do Concello de Vigo e centrais sindicais (CC.OO, UXT e CIG), reflectía as seguintes diferencias salariais entre as distintas categorías:

a) Licenciado a Diplomado	17,21%
b) Diplomado a Xefe administrativo/Capataz	25,37%
c) Xefe administrativo/Capataz a Oficiais	17,45%



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

d) Oficiais a Aux.Administrativo/Peóns 11,21%

A día de hoxe, a aplicación da vixente estrutura salarial aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 1 de marzo de 2024 (publicada no BOPPO núm. 51 do 12/03/2024), conleva que, como consecuencia das adecuacións retributivas aprobadas nos últimos catro anos reflectidas nos antecedentes da presente proposta, a diferenza entre as categorías profesionais de Peón e de Oficial de oficios tense reducido a un **0,7%**, e a diferenza con respecto ás categorías superiores de beneficiarios tense reducido nun **10,51 %**.

As funcións do posto de Oficial de Oficios implican que, ademáis do total dominio do seu oficio, se asuma a responsabilidade inherente ao desenvolvemento das tarefas propias da súa categoría en función da especialidade:

- Coidado e control do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realizar as súas funcións.
- Desenvolver as tarefas propias da súa profesión con capacidade suficiente para realizar os traballos propios do oficio.
- Dirixir as tarefas do persoal de inferior categoría.
- Executar as ordes de traballo que se lle asignen, dacordo coa súa especialidade.
- Cumplimentación dos partes de traballo realizado.
- Manexar toda a maquinaria e equipo usados no seu oficio ou especialidade.

E, á súa vez, as funcións do posto de Capataz conlevan:

- Impulsar, dirixir e controlar o persoal ao seu cargo, planificando e coordinando as tarefas dacordo coas instrucións recibidas do seu superior xerárquico.
- Supervisar as actuacións do persoal, corrixindo as posibles deficiencias que observe, dacordo cos protocolos de actuación recibidos, a distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución.
- Control e responsabilidade da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados.
- Supervisar e instruír, se fose preciso, ao persoal ao seu cargo nos traballos propios da súa especialidade, etc.

As circunstancias referidas están a xerar disfuncións no desenvolvemento do programa municipal de inserción laboral Vigo Emprega 2023 con 75 persoas beneficiarias contratadas na modalidade de mellora da ocupabilidade e inserción laboral polo período máximo de 6 meses (ata o 07/07/2024) nas categorías profesionais que se indican a continuación:

POSTO	CATEGORÍA
1	DELINEANTE
1	TÉCNICO AUX. PRL
3	CAPATAZ
33	OFICIAL DE OFICIOS
24	PEÓN CONSTRUCCIÓN
12	PEÓN XARDINERÍA
1	AUX. ADMINISTRATIVO

Como consecuencia da recente subida do SMI, a categoría profesional de Peóns, ten percibido na última nómina do mes de febreiro unha remuneración total superior á categoría de Oficiais, por mor do abono dos atrasos con efectos desde o 1 de xaneiro de 2024 (Disposición Final 3ª do Real Decreto 145/2024, de 6 de febreiro), o que ten xenerado disfuncións no normal desenvolvemento do programa, motivando a petición dos representantes sindicais presentes tanto co Comité de Persoal coma na Comisión Paritaria do Acordo Marco, de corrixir os prexuízos ocasionados e de proceder á urxente recuperación da estrutura salarial do Acordo Marco con efectos do 1 de xaneiro de 2024.

III. Actualización da estrutura salarial do Acordo Marco:

Tal e como reflicten os antecedentes da presente proposta, aos salarios fixados no Acordo Marco aplicáronse sucesivamente os correspondentes incrementos de IPC, porén e como consecuencia dos sucesivos incrementos do Salario Mínimo Interprofesional produciuse un desequilibrio nas retribucións das distintas categorías.

O "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas ao abeiro do Plan Municipal de Emprego 2004-2007", resulta de aplicación a todo o persoal beneficiario contratado nos distintos programas de emprego e continúa vixente, ao non constar denuncia do mesmo.

Este Acordo Marco foi resultado das reflexións respecto do anterior Plan municipal de emprego 2000-2003 e *dun proceso de negociación e consulta entre as partes, o Goberno e as centrais sindicais CC.OO, UGT e CIG, polo que se acordou subscribir dito documento como referencia retributiva e de condicións sociais para aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado plan.*

Xa que logo, non resulta de aplicación o Convenio Colectivo dos empregados do Concello de Vigo aos traballadores temporais non integrados no seu cadro de persoal, e polo tanto, alleos ao sistema de retribución e selección regulado en dito Convenio, por ter sido contratados no marco dun Plan de Emprego Municipal ao amparo do Acordo Marco citado (sentenza da Sala do Social do TSXG do 14/05/2013, recurso 5159/2010, e pronunciamentos xudiciais posteriores (PO 909/2019 Xulgado do Social nº 1 e PO 640/2019 Xulgado do Social nº 2).

En cumprimento do establecido no Capítulo 3 para a *Xestión e seguimento* do Acordo Marco, foi convocada a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da proposta de actualización salarial do persoal beneficiario deste servizo xestor, que – previa presentación da proposta ao Comité de Persoal en data 29 de febreiro de 2024 - reuniuse o pasado 12 de marzo de 2024, non formulando ningunha obxección ás táboas salariais que se indican a continuación, de xeito que permita garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade de cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, aos efectos de evitar o desequilibrio que se viña producindo nas retribucións das distintas categorías:

BENEFICIARIOS:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

TÉCNICOS E XESTORES

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Diferencia % co grupo inferior
icenciado	2.176,56 €	362,76 €	2.539,32 €	2.539,32 €	84/a	33,18	842,55 €	3.381,87 €	17,21%
Diplomado	1.856,98 €	309,50 €	2.166,48 €	2.166,48 €	84/a	33,18	718,84 €	2.885,32 €	25,37%
Xefe administrativo	1.481,20 €	246,87 €	1.728,07 €	1.728,07 €	84/a	33,18	573,37 €	2.301,44 €	17,45%
Delineante Técnico	1.481,20 €	246,87 €	1.728,07 €	1.728,07 €	84/-	33,33	575,97 €	2.304,04 €	17,45%
Auxiliar PRL	1.481,20 €	246,87 €	1.728,07 €	1.728,07 €	84/-	33,33	575,97 €	2.304,04 €	17,45%
Capataz-construcción.	1.481,20 €	246,87 €	1.728,07 €	1.728,07 €	84/d	38,38	663,23 €	2.391,30 €	17,45%
Auxiliar topografo	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/-	33,33	490,39 €	1.961,72 €	11,21%
Oficial albanel	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €	11,21%
Oficial carpintería aluminio	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €	11,21%
Oficial carpintería madeira	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €	11,21%
Oficial carpintería metálica.	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €	11,21%
Oficial conducción	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/f	38,38	564,70 €	2.036,03 €	11,21%
Oficial desinfección	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/g	35,28	519,09 €	1.990,42 €	11,21%
Oficial electricista	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €	11,21%
Oficial fontaneiro	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €	11,21%
Oficial mecánico de maquinaria	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €	11,21%
Oficial pintor	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €	11,21%
Oficial xardinaría	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/g	35,28	519,09 €	1.990,42 €	11,21%
Auxiliar administrativo	1.134,00 €	189,00 €	1.323,00 €	1.323,00 €	84/a	33,18	438,97 €	1.761,97 €	0,00 %
Peón construcción	1.134,00 €	189,00 €	1.323,00 €	1.323,00 €	84/d	38,38	507,77 €	1.830,77 €	0,00 %
Peón xardinaría-fo-restal.	1.134,00 €	189,00 €	1.323,00 €	1.323,00 €	84/g	35,28	466,75 €	1.789,75 €	0,00 %

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Titulado superior	2.583,97 €	430,66 €	3.014,63 €	3.014,63 €	84	33,33	1.004,78 €	4.019,40 €
Titulado medio	2.084,28 €	347,38 €	2.431,66 €	2.431,66 €	84	33,33	810,47 €	3.242,14 €
Experto docente	1.917,69 €	319,61 €	2.237,30 €	2.237,30 €	84	33,33	745,69 €	2.982,99 €
Oficial administrativo	1.418,03 €	236,34 €	1.654,37 €	1.654,37 €	84	33,33	551,40 €	2.205,78 €

Tendo en conta estas disposicións, aos Traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego que actualmente están contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego na categoría de persoal traballador beneficiario, segundo os importes e desglose recollidos por categoría profesional, nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente, resulta de aplicación o abono en concepto de atrasos correspondentes ao dito incremento salarial a cantidade de **6.758,65 €**, que se imputará con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA:

- **4.915,17 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310000 *PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*

- **1.843,49 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600001 SS *PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*

A tenor das circunstancias expostas e, constando dispoñibilidade orzamentaria para as retribucións do persoal temporal beneficiario dacordo cos vixentes orzamentos municipais aprobados polo Pleno para o ano 2024, remítese o expediente á Intervención Xeral municipal para a análise da legalidade do gasto e da existencia de crédito no exercicio da función fiscalizadora da presente proposta de actualización da estrutura salarial do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*" e o abono en concepto de atrasos correspondentes a dito incremento salarial.

III. Órgano competente:

De conformidade co artigo 127.1.g) e h) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo, previo informe preceptivo da Intervención xeral municipal ao abeiro do artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

IV. Recursos:

Dacordo co disposto nos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo o establecido nos artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da Lei 57/2003 de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución Alcaldía 19/06/23, BOPPO nº 123 do 27/06/23), nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 19 de xuño de 2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, a proposta de actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiarios/as do "*Acordo marco de*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007" - que continúa vixente ao non constar denuncia do mesmo - logo da Comisión de Seguimento do Acordo Marco reunida o pasado 12 de marzo de 2024, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da dita proposta de actualización salarial do persoal beneficiario, a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade correspondente a cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, dacordo co reflectido nas táboas do Anexo I desta proposta.

SEGUNDO: Aprobar o incremento salarial por importe total de **6.758,65 €**, en concepto de atrasos correspondentes ao dito incremento salarial segundo as táboas salariais do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007" para o ano 2024, ao persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios, que se imputará con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA:

- **4.915,17 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310000 *PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*

- **1.843,49 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600001 *SS PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*

TERCEIRO: Dar conta do presente acordo á Área de RRHH e Formación, á Tesourería Municipal, á Asesoría Xurídica Municipal e á Intervención Xeral Municipal, aos efectos oportunos.

CUARTO: Ordenar a publicación das táboas salariais actualizadas reflectidas no Anexo I do presente acordo, no portal de transparencia, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

Táboas retributivas do persoal acollido ao "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", correspondentes ao ano 2024.

BENEFICIARIOS:

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Licenciado	2.176,56 €	362,76 €	2.539,32 €	2.539,32 €	84/a	33,18	842,55 €	3.381,87 €
Diplomado	1.856,98 €	309,50 €	2.166,48 €	2.166,48 €	84/a	33,18	718,84 €	2.885,32 €
Xefe administrativo	1.481,20 €	246,87 €	1.728,07 €	1.728,07 €	84/a	33,18	573,37 €	2.301,44 €
Delineante	1.481,20 €	246,87 €	1.728,07 €	1.728,07 €	84/-	33,33	575,97 €	2.304,04 €
Técnico Auxiliar PRL	1.481,20 €	246,87 €	1.728,07 €	1.728,07 €	84/-	33,33	575,97 €	2.304,04 €
Capataz-construción.	1.481,20 €	246,87 €	1.728,07 €	1.728,07 €	84/d	38,38	663,23 €	2.391,30 €
Auxiliar topografo	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/-	33,33	490,39 €	1.961,72 €
Oficial albanel	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial carpintería aluminio	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial carpintería madeira	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial carpintería metálica.	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial conducción	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/f	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial desinfección	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/g	35,28	519,09 €	1.990,42 €
Oficial electricista	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial fontaneiro	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial mecánico de maquinaria	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial pintor	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial xardinaria	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/g	35,28	519,09 €	1.990,42 €
Auxiliar administrativo	1.134,00 €	189,00 €	1.323,00 €	1.323,00 €	84/a	33,18	438,97 €	1.761,97 €
Peón construción	1.134,00 €	189,00 €	1.323,00 €	1.323,00 €	84/d	38,38	507,77 €	1.830,77 €
Peón xardinaria-forestal.	1.134,00 €	189,00 €	1.323,00 €	1.323,00 €	84/g	35,28	466,75 €	1.789,75 €

TÉCNICOS E XESTORES:

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Titulado superior	2.583,97 €	430,66 €	3.014,63 €	3.014,63 €	84	33,33	1.004,78 €	4.019,40 €
Titulado medio	2.084,28 €	347,38 €	2.431,66 €	2.431,66 €	84	33,33	810,47 €	3.242,14 €
Experto docente	1.917,69 €	319,61 €	2.237,30 €	2.237,30 €	84	33,33	745,69 €	2.982,99 €
Oficial administrativo	1.418,03 €	236,34 €	1.654,37 €	1.654,37 €	84	33,33	551,40 €	2.205,78 €

7(221).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS "AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2024". EXPTE. 20753/77.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Visto o informe de fiscalización do 02/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/03/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto:

A Concellería de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude presenta a convocatoria de **Axudas Municipais á Contratación 2024**, que se integran na liña 2.6. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, dando continuidade á súa actividade de fomento do emprego, como medida de apoio tanto ás empresas como ás persoas traballadoras empadroadas no Concello de Vigo sexan desempregadas ou non, favorecendo a súa inserción laboral ou a súa estabilidade no emprego, en aplicación das políticas activas de emprego desenvolvidas no seu ámbito territorial.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo*

dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados; e sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas, as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

A persoa solicitante poderá optar a esta convocatoria de axudas nas seguintes modalidades:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos; como nas anteriores convocatorias, estas axudas dirixíranse a beneficiarios/as que transformen en indefinidos os contratos formalizados, xunto coas súas prórrogas, no período comprendido dende ó 1 de xullo de 2023 ata ó 30 de xuño de 2024, a persoas traballadoras, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo, atendendo ás bases e a convocatoria que se achegan no expediente.

B) Programa Contratacións: incentivos para a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas; nesta modalidade, as axudas dirixíranse a beneficiarios/as que contraten, a persoas traballadoras desempregadas empadroadas no municipio de Vigo. Comprenderá as contratacións que se realicen dende ó 1 de xullo de 2023 ata ó 30 de xuño de 2024 e requirirá, con anterioridade á contratación, a presentación da correspondente oferta de emprego ante a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou ante o Servizo Público de Emprego (SPEG) para a selección da persoa traballadora.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral; beneficiarase desta axuda á solicitante que no período comprendido entre o 1 de xullo de 2023 ata o 30 de xuño de 2024 mellore as condicións do contrato formalizado coa persoa traballadora pola que solicita a axuda por medio do incremento da xornada laboral, pasando de tempo parcial á xornada completa; ou ben, no caso de contrato fixo discontinuo por medio do incremento a un mínimo de 9 meses a xornada completa

IV. Finalidade:

A presente convocatoria pretende apoiar e reforzar a ocupabilidade, así como, mellorar as condicións laborais da cidadanía empadroada no Concello de Vigo, pero con especial atención aos colectivos máis vulnerables no mercado laboral e con maior dificultade de acceso ao mesmo.

Atendendo á experiencia da Concellería de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, defínense os seguintes colectivos de atención prioritaria e, por outro lado habituais nas políticas activas de emprego: mulleres, menores de 30 anos e maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, persoas trans e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social. Neste sentido as contías das axudas resultan de valorar cada unha destas situacións de xeito específico, ademais de ter presentes outros criterios, segundo o programa solicitado, como son a contratación do primeiro empregado e ser usuario da Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Asemade, nesta convocatoria mantense o incentivo ás empresas que reúnan as características de micropeme.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, en calquera dos seus programas, no réxime de **concorrenza competitiva**, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

VI. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto aao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.1 e 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

Na *base 1ª. Obxecto*, de conformidade co artigo 8.1, faise referencia á liña 2.6 do Plan Estratéxico de Subvencións (PES), aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, no que se integran estas axudas.

Na *base 2ª. Beneficiarias* se exclúe a posibilidade de solicitar estas axudas ás grandes empresas para o que se incorpora a definición deste tipo de empresas. Esta modificación tamén se reflicte na *base 1ª* ao especificar que se outorga especial atención “*ás empresas e as persoas traballadoras máis vulnerables...*”

Na *Base 4ª* o período obxecto de subvención, en todos os programas, segue o seu carácter de continuidade respecto á convocatoria que lle precede polo que se inicia desde ó 1 de xullo de 2023.

Na *base 4ª. apartado a.1* modifícase a redacción do parágrafo relativo a xornada laboral do contrato indefinido no intento de aclarar e dar resposta ás consultas recibidas na convocatoria anterior.

Na *base 4ª. apartado b.1* modifícase a redacción do terceiro parágrafo no relativo ao proceso de selección previo á contratación da persoa traballadora pola que se solicita a axuda.

Na *base 4ª. apartados a.2,, b.2 e c.2. Tipos e contías da axuda* se modifica a redacción da definición de micropeme para unha maior comprensión.

Na *base 4ª. apartado b.2 e c.2* *incrementábase a contía da axuda segundo o colectivo para que sexa igual en todas as modalidades de axuda.*

Na *base 4ª. apartados a.3.2, b.3.2 e c.3.2 na documentación solicitada* se inclúe o parágrafo *aclaratorio da sinatura para as empresas con representación mancomunada.*

Na *base 4ª. apartado b.3.2* se actualiza a redacción do *apartado f)* relativo á documentación da solicitude para reiterar que a presentación da/s oferta/s de emprego é previa á contratación e a presentación da solicitude, de conformidade coa *base b.1.*

Na *base 4ª. apartado c.3.2* se modifica a redacción do *apartado f)* relativo á documentación da solicitude porque, aínda que é recomendable, o documento de novación do contrato é un acordo entre a empresa e a persoa traballadora que pode non estar presentado ante o SPEG.

- Na *base 4ª apartado c.3.2.* na documentación requirida relativa á persoa traballadora pla que se solicita a axuda modifícase a redacción do apartado f); de conformidade á Orde ESS/1727/2013 de 17 de setembro, que establece a relación de datos obrigatorios a comunicar aos Servizos Públicos de Emprego, un escrito de variación de xornada e horario asinado por empresa e traballador sería suficiente para evitar posibles sancións, aínda que se recomenda levar unha copia do mesmo ao SEPE.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- Na Base 10^a.3, apartados a, b e c de cada programa, na base 10^a.4 e na base 10^a.5 pasa o cómputo de ser en días naturais a ser en días hábiles para favorecer o seu cumprimento, aínda que se mantén o cómputo en días naturais na base 10.2.

Actualízase o contido do *Anexo I* conforme a estas bases reguladoras e convocatoria.

En xeral, adaptouse o contido para resultar menos reiterativo e realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.

VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2024 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

Para a convocatoria do ano 2024 destas "Axudas Municipais á contratación" destínase un importe total de **235.000,00€** (douscentos trinta e cinco mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación" do vixente orzamento que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos cunha contía de **135.000,00€** (cento trinta e cinco mil euros).

B) Programa Contratacións: incentivos para a contratación indefinida cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros)

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, denegarase as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Axudas Municipais á Contratación" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web (www.vigo.org).

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións de competencias efectuadas na data do 19/06/2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 235.000,00 € (douscentos trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700006 "Axudas á contratación" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2024.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Contratación 2024, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas Municipais á Contratación" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

1. A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
2. As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
3. Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2024 BASES REGULADORAS

ÍNDICE

BASE 1ª. OBXECTO

BASE 2ª. BENEFICIARIAS

BASE 3ª. REQUISITOS XERAIS

BASE 4ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

A. PROGRAMA INDEFINIDOS: INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS

a.1. Características e requisitos específicos

a.2. Tipos e contías da axuda

a.3. Solicitude e documentación

B. PROGRAMA CONTRATACIÓN: INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS

b.1. Características e requisitos específicos

b.2. Tipos e contías da axuda

b.3. Solicitude e documentación

C. PROGRAMA MELLORA: INCENTIVOS PARA A MELLORA DA ESTABILIDADE LABORAL

c.1. Características e requisitos específicos

c.2. Tipos e contías da axuda



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

c.3. Solicitude e documentación

BASE 5ª. OBRIGAS

BASE 6ª: PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

BASE 7ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

BASE 8ª. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN E CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN

BASE 9ª. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

BASE 10ª ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNS DE CONCESIÓN

BASE 11ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

BASE 12ª. PUBLICIDADE

BASE 13ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

BASE 14ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

BASE 15ª. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

BASE 16ª. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I. SOLICITUDE

ANEXO II. CONSULTA DO PADRÓN MUNICIPAL

ANEXO III. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INFORMACIÓN DA CONDICIÓNS DE MICROPEME

ANEXO IV. OFERTA DE EMPREGO

ANEXO V. RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN (P. CONTRATACIÓNS)

ANEXO VI. INFORMACIÓN Á PERSOA TRABALLADORA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2024

BASES REGULADORAS

BASE 1ª. OBXECTO

As presentes bases reguladoras e a convocatoria do programa de "AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN" no marco da actuación municipal para o ano 2024, se integran na liña 2.6. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024; ao seu efecto, ten por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación, favorecer a mellora das condicións e o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo, outorgando especial atención ás empresas e ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral, a través dos seguintes programas de axudas:

- A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos
- B) Programa Contratacións: incentivos para a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas
- C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral

BASE 2ª. BENEFICIARIAS

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, con independencia da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional que reúnan os requisitos e obrigas da convocatoria.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas^(*), as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

() Empresa con 250 traballadores ou máis e un volume de facturación anual superior aos 50 millóns de euros ou un activo total que supera os 43 millóns de euros.*

BASE 3ª. REQUISITOS XERAIS

Para solicitar a subvención e obter a condición de beneficiaria da axuda se reunirán os seguintes requisitos:

3.1. Que o centro de traballo da persoa traballadora pola que se solicita a axuda estea no termo municipal de Vigo.

3.2. Acreditar que a persoa traballadora estea empadroada no Concello de Vigo cando menos desde ó 1 de xaneiro de 2023.

3.3. As condicións para o incremento da contía da axuda segundo o colectivo no que se encadre a persoa traballadora concorrerá no momento do inicio da relación laboral, da transformación do contrato temporal en indefinido ou da mellora das condicións do contrato, segundo o programa de axudas solicitado.

3.4. No poderán obter a condición de beneficiaria as persoas ou entidades, independentemente da súa forma xurídica, nas que conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

3.5 Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

3.6. Que se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. A persoa interesada poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social que se reflectirá no Anexo I. Noutro caso, xuntará a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

A solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, a solicitante desta axuda autoriza á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.

3.7. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

BASE 4ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

A) PROGRAMA INDEFINIDOS: INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS

a.1. Características e requisitos específicos

- Comprende a **transformación a contrato indefinido** no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2023 ata ó 30 de xuño de 2024** do contrato temporal previo formalizado e, de ser o caso, xunto as súas prórrogas en calquera das modalidades contractuais vixentes realizado á persoa traballadora pola que se solicita a axuda.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

- O contrato indefinido terá unha xornada laboral igual ou superior á xornada laboral do contrato temporal que lle precede; sempre que a xornada laboral do contrato indefinido sexa igual ou superior ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda estará empadroada no municipio de Vigo cando menos desde ó 1 de xaneiro de 2023 e prestará servizos no mesmo.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa traballadora e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base 4ª, apartado a.2. Tipos e contías da axuda.*

a.2. Tipos e contías da axuda

TRANSFORMACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO	CONTÍA
Persoa traballadora empadroada en Vigo ¹	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO²	CONTÍA
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ³	300,00 €
• Persoa con discapacidade ⁴	300,00 €
• Persoa trans ⁵	300,00 €
• Muller	300,00 €
• Vítima de violencia de xénero ⁶	300,00 €
Importe Máximo Total	3.500,00 €

(1) Persoas empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde ó 01/01/2023.

(2) O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

(3) A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.

(4) Persoa con discapacidade sempre que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

(5) Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.

(6) Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

Á **persoa emprendedora autónoma e a micropeme (*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500€** que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE	CONTÍA
Persoa emprendedora autónoma e a micropeme ⁷	500,00 €

(7) Empresa cun persoal máximo de 9 traballadores e un volume de facturación (anual) o un activo total inferior a 2 millóns de euros.

Os importes de subvención detallados nas táboas corresponden á transformación a contratos indefinidos a xornada completa. No caso de contratos a xornada parcial o importe da subvención será



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

proporcional á porcentaxe da xornada laboral, sempre que a súa duración sexa igual ou superior ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación.

Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a transformación de contratos realizados a persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

a.3. Solicitude e documentación

a.3.1. Solicitude

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentarase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

a.3.2. Documentación

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

Documentación relativa á empresa:

a) **Anexo I. Solicitude:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) **A persoa xurídica** achegará **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.

No caso de **poderes mancomunados** o formulario de solicitude presentarase asinado pola persoa que teña a sinatura electrónica que representa á entidade e fará constar os datos de todas as persoas representantes.

c) No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegarase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante e pola persoa autorizada.

d) **Informe de vida laboral do código de conta de cotización** onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, con data posterior á transformación do contrato temporal a indefinido para o que se solicita a subvención.

e) **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.

Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

f) Copia dos **contratos de traballo** (temporal inicial, prórrogas e transformación da modalidade de contrato a indefinido) no modelo que se estableza e rexistrados no Servizo Público de Emprego.

Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicárase o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

g) **Documento acreditativo da pertenza** da persoa traballadora **a algún dos colectivos especificados na base a.2.** destas bases reguladoras e convocatoria.

h) **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención **ou**, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente.

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copia electrónica da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- Os **anexos asinaranse electronicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás oposición do interesado. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou doutros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta *base a.5*, seralle requirida á solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

B) PROGRAMA CONTRATACIÓN: INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS

b.1. Características e requisitos específicos

- Comprende a contratación indefinida, no período comprendido **entre ó 1 de xullo de 2023 e ó 30 de xuño de 2024**, de persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo.

- O contrato suscrito terá unha xornada laboral superior ou igual ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda resultará seleccionada entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o Servizo Público de Emprego de Galicia polo que previo á contratación da persoa traballadora se remitirá a correspondente oferta de emprego. Se a partir da/s oferta/s de emprego presentada/s non se obtivesen candidaturas co perfil requirido, a empresa solicitante poderá contratar a unha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e cumpra os requisitos desta convocatoria.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que se determinen na data do inicio do contrato polo que se solicita a axuda: estar inscrita no Servizo Público de Emprego, estar empadroada no Concello de Vigo cando menos desde ó 1 de xaneiro de 2023, e prestar servizos no municipio.

- A contía da axuda determinarase segundo a duración do contrato, as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base b.2. Tipos e contía da axuda*.

- Todas as contratacións deberán ir precedidas, inescusablemente, do procedemento de selección indicado nestas bases.

Para as contratacións de persoal realizadas dentro do período a subvencionar e/ou previas á publicación desta convocatoria, as entidades solicitantes da axuda acreditarán a presentación da oferta de emprego no SPEG e/ou na Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego concorrendo, en todo caso, no persoal contratado, os requisitos da convocatoria.

Acreditarase cada contratación de persoal realizada dentro do período a subvencionar nesta convocatoria, por medio da presentación da oferta de emprego no SPEG e/ou na Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego debendo concorrer, en todo caso, no persoal contratado, os requisitos da convocatoria.

Quedan excluídas as contratacións indefinidas iniciais que se realicen con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación nos casos de sucesión de empresas previsto no art. 44 do RDL 2/2015, do 23 de outubro.

b.2. Tipos e contías da axuda

CONTRATO INDEFINIDO¹	CONTÍA
Persoa traballadora desempregada empadroada en Vigo ²	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO³	CONTÍA
• Primeiro empregado/a da empresa	300,00 €
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ⁴	300,00 €
• Persoa con discapacidade ⁵	300,00 €
• Persoa trans ⁶	300,00 €
• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social ⁷	300,00 €
• Muller	300,00 €
• Vítima de violencia de xénero ⁸	300,00 €
• Participante de programa da concellería	300,00 €
Importe Máximo Total	4.400,00 €

⁽¹⁾ Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicárase o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

⁽²⁾ Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e empadroadas no municipio de Vigo, cando menos, desde o 01/01/2023.

⁽³⁾ O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

⁽⁴⁾ A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da formalización do contrato.

⁽⁵⁾ Persoa con discapacidade sempre que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33% .

⁽⁶⁾ Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.

⁽⁷⁾ Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

⁽⁸⁾ Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

Todas as contratacións deberán ir precedidas, inescusablemente, do procedemento de selección previsto conforme a *Base b.1.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

A **persoa emprendedora autónoma e micropeme (*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500 €** que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE	CONTÍA
Persoa emprendedora autónoma e micropeme ⁹	500,00 €

⁽⁹⁾ Empresa cun persoal máximo de 9 traballadores e un volume de facturación (anual) o un activo total inferior a 2 millóns de euros.

Os importes de subvención detallados nas táboas corresponden a contratos a xornada completa. No caso de contratos a xornada parcial o importe da subvención será proporcional á porcentaxe da xornada laboral, sempre que teñan unha duración mínima do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación.

Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a transformación de contratos realizados a persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

b.3. Solicitude e documentación

b.3.1. Solicitude

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentarase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

b.3.2. Documentación

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I. Solicitud:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) A **persoa xurídica** achegará **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.

No caso de **poderes mancomunados** o formulario de solicitude presentarase asinado pola persoa que teña a sinatura electrónica que representa á entidade e fará constar os datos de todas as persoas representantes.

c) No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegarase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante o pola persoa autorizada.

d) **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención ou, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente.

e) **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.

f) **Anexo IV. Oferta de emprego** presentada ante o **Concello de Vigo e/ou Ficha de oferta de emprego** presentada ante o **SPEG** con data anterior á contratación da persoa traballadora e a presentación da solicitude da axuda en cumprimento da *base b.1*.

g) **Anexo V. Relación de persoas traballadoras polas que se solicita subvención.**

h) Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicarse o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- Os anexos **asinaranse electrónicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base b.5, seralle requirida á/ao solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, teráselle por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

C) PROGRAMA MELLORA: INCENTIVOS PARA A MELLORA DA ESTABILIDADE LABORAL

c.1. Características e requisitos específicos

- Comprende a axuda para a mellora da estabilidade laboral que se produza, no período comprendido desde ó **1 de xullo de 2023 ata o 30 de xuño de 2024**, a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato formalizado de tempo parcial a tempo completo conforme o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda estará empadroada no Concello de Vigo cando menos desde ó 1 de xaneiro de 2023, e prestará servizos no municipio.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa traballadora, tal e como especifica a *base c.2. Tipos e contías da axuda*.

c.2. Tipos e contías da axuda

PROGRAMA MELLORA	CONTÍA
Persoa traballadora empadroada en Vigo ¹	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO²	CONTÍA
• Primeiro empregado/a da empresa	300,00 €
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ³	300,00 €
• Persoa con discapacidade ⁴	300,00 €
• Persoa trans ⁵	300,00 €
• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social ⁶	300,00 €

• Muller	300,00 €
• Vítima de violencia de xénero ⁷	300,00 €
Importe Máximo Total	4.100,00 €

⁽¹⁾ Persoa empadroada no municipio de Vigo, cando menos, desde ó 01/01/2023.

⁽²⁾ O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

⁽³⁾ A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da formalización do contrato.

⁽⁴⁾ Persoa con discapacidade sempre que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

⁽⁵⁾ Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.

⁽⁶⁾ Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

⁽⁷⁾ Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

A **persoa emprendedora autónoma e micropeme (*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500€** que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE	CONTÍA
Persoa emprendedora autónoma e micropeme ⁸	500,00 €

⁽⁸⁾ Empresa cun persoal máximo de 9 traballadores e un volume de facturación (anual) o un activo total inferior a 2 millóns de euros.

Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a mellora de contratos realizados a persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

c.3. Solicitude e documentación

c.3.1. Solicitude

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentárase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

c.3.2. Documentación

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

Documentación relativa á empresa:

a) **Anexo I. Solicitude:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) A **persoa xurídica** achegará **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.

No caso de **poderes mancomunados** o formulario de solicitude presentárase asinado pola persoa que teña a sinatura electrónica que representa á entidade e fará constar os datos de todas as persoas representantes.

c) No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegarase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante o pola persoa autorizada.

d) **Informe de vida laboral do código de conta de cotización** onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, con data posterior á mellora do contrato para o que se solicita a axuda.

e) **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.

Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

f) Copia do **contrato de traballo vixente** e, de ser o caso, das súas prórrogas rexistrados no Servizo Público de Emprego, e do **documento acreditativo do incremento da xornada laboral**.

g) **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza** da persoa traballadora **a algún dos colectivos especificados na base c.2.** destas bases reguladoras e convocatoria.

h) **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención ou, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- Os **anexos asinaranse electrónicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

O/a solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás oposición do interesado. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou doutros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta *base a.5*, seralle requirida á solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido, arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

BASE 5ª. OBRIGAS

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 LXS e 11 LSG, as que seguen:

5.1. De ser o caso, acreditar a pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados nos apartados a.2, b.2 e c.2 para o incremento da axuda.

5.2. Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

5.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. Para os casos de xornada parcial poderase incrementar a devandita xornada, ao abeiro do establecido na lexislación laboral. Igualmente, conforme á *base 10ª*, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter ou superar a xornada pactada para a persoa traballadora substituta.

5.4. Formalizar o contrato de traballo por escrito.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

5.5. Manter á persoa contratada no seu cadro de persoal durante un período mínimo dous anos desde o inicio, do contrato temporal ao indefinido ou desde a mellora das condicións ou, de ser ao contrario, cumprir coas condicións establecidas na *base 10ª*.

5.6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

5.7. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que se manteña o contrato obxecto de subvención.

5.8. As persoas traballadoras por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos polo Concello de Vigo, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

5.9. Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e deberá manterse exposto ata o 31 de xuño de 2025.

5.10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

5.11. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 6ª: PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata ó 14 de xullo de 2024**.

BASE 7ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- As relacións contractuais que se formalicen cos socios que posúan máis do 33% do capital social en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade mercantil, así como as que se subscriban con algún dos membros da Comunidade de bens ou da sociedade civil solicitante.
- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan

membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma sen asalariados e contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven con ela coma se non.

- Contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición da persoa contratada en empresas usuarias.

- No Programa Contratacións, as contratacións indefinidas iniciais que se realicen con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación nos casos de sucesión de empresas previsto no art. 44 do RDL 2/2015, do 23 de outubro.

Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

Son compatibles cada unha das modalidades de axuda sempre que non se solicite para a mesma persoa traballadora.

As entidades beneficiarias comunicarán ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

BASE 8ª. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN E CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN

8.1. Instrución e tramitación das axudas

➤ O procedemento para a concesión destas subvencións iníciarase de oficio tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e a publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

➤ A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

➤ A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

➤ Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remiti-ranse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

➤ Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista da cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local.

➤ En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

➤ En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da súa solicitude e será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluído o procedemento correspondente, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

➤ O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

➤ Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

➤ A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será obxecto de **publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.**

Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

A beneficiaria da axuda está obrigada, **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao da súa publicación a comunicar á unidade Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo sinalado de conformidade coa **base 9ª**.

O prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata o 30 de outubro de 2024.

8.2. Comisión de Valoración e Seguimento

A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas realizarase pola **Comisión de Valoración e Seguimento**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- Presidente: A/o concelleira/o delegada/o da Área de Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- Vogais: - A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que actuará como secretaria/o.
- - Un/Unha técnico/a da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

A comisión contará co voto de calidade da/o concelleira/o, que será resolutivo.

A/O concelleira/o delegada/o da área resolverá o nomeamento dos/as titulares e suplentes da referida comisión.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirlle á beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións polas que se lle concedeu a subvención.

8.3. Criterios obxectivos de adxudicación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de **concorrenza competitiva**, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario para iso.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 9ª. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O PAGAMENTO DA AXUDA

A beneficiaria da axuda está obrigada, **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao da súa publicación a comunicar á unidade Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, segundo o programa que corresponda e no prazo sinalado:

A) PROGRAMA INDEFINIDOS

1. **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**
2. **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**
3. **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o cartel informativo que manterase exposto cando menos ata ó 31 de xuño do 2025.

B) PROGRAMA CONTRATACIÓNS

- a) **Copia do contrato de traballo** no modelo que se estableza e rexistrado no SPEG.
- b) **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**
- c) **Informe de Vida Laboral da persoa traballadora** obxecto da subvención con data posterior ao inicio do período de contratación.
- d) **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados no punto b.2.** destas bases e convocatoria.
- e) **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**

f) **Fotografía do cartel informativo da subvención** colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberase manter exposto cando menos ata ó 31 de xuño do 2025.

C) PROGRAMA MELLORA

1. **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**

2. **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**

3. **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o cartel informativo que manterase exposto cando menos ata ó 31 de xuño de 2025.

Para todos os programas de axuda o prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata o 30 de outubro de 2024.

A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada do seguimento da execución da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, que poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa adecuada xustificación ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desestamento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 10ª. ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNNS DE CONCESIÓN

10.1. Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto na base 5ª.

10.2. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se solicita a subvención, con independencia da causa, previa ao seu outorgamento a empresa solicitante comunicará este feito no prazo de 5 días naturais desde a data do cese e procederá a desistir da súa solicitude.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

10.3. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora, cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e conforme ao programa de axuda solicitado:

a) PROGRAMA INDEFINIDOS:

- por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída no prazo de 10 días hábiles seguintes ao cese ou no seu defecto,
- por medio dunha contratación indefinida inicial realizada a unha persoa desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente que reúna os requisitos da presente convocatoria dentro dos 10 días hábiles seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de falta de candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

b) PROGRAMA CONTRATACIÓN:

- por medio da incorporación dunha candidatura procedente do proceso de selección de persoal inicial, no prazo de 10 días hábiles seguintes ao cese ou, no seu defecto,
- por medio da incorporación dunha nova persoa traballadora cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente que reúna os requisitos desta convocatoria, dentro dos 10 días hábiles seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado nestas bases reguladoras na *base b.1*).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

c) PROGRAMA MELLORA:

- por medio da mellora das condicións do contrato doutra persoa traballadora que estivese vixente na data da baixa da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda no prazo de 10 días hábiles seguintes ao cese, conforme á base 4ª, apartado c.1 ou no seu defecto,
- por medio da substitución por medio dunha contratación realizada a unha persoa traballadora desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e condicións e características da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda e que reúna os requisitos desta convocatoria dentro dos 10 días hábiles seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego

e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

A nova contratación comunicárase á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

10.4. No suposto de **suspensión da relación laboral da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda** a beneficiaria procederá a substituír á persoa traballadora ata a súa incorporación. A substitución realizarase por medio dunha contratación realizada a unha persoa traballadora desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e condicións e características da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda e que reúna os requisitos desta convocatoria dentro dos 10 días hábiles seguintes á suspensión da relación laboral, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidatura co perfil requirido para ocupar o posto de traballo en suspensión, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

No caso de non producirse a reincorporación da persoa traballadora procederá segundo o suposto de extinción da relación laboral segundo o programa de axuda que corresponda ou, de ser o caso, manterase o contrato da persoa traballadora substituta.

A nova contratación comunicárase á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

10.5. En todos os programas a beneficiaria dispón dun prazo de 5 días hábiles, desde a data de inicio do contrato da persoa traballadora substituta, sexa por cese ou por suspensión da relación laboral para **comunicar á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción ou a suspensión do contrato e a nova contratación**, e deberá acreditar:

- **Declaración responsable ou documentación acreditativa da extinción ou suspensión contractual** da persoa traballadora contratada inicialmente.
- **Informe da vida laboral completa da persoa traballadora substituta** expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
- **Contrato de traballo da persoa traballadora substituta** comunicado á Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.
- **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora substituta **ou**, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente.
- **Anexo VI. Información á persoa traballadora substituta da subvención concedida.**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

10.6. No suposto **de non proceder á cobertura da vacante da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda** procederá reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto na *base 11^a* e a LXS.

BASE 11^a. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

a) Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro

O incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera obriga, requisito, condición e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á beneficiaria co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e constará informe e proposta razoada da unidade Desenvolvemento Local e Emprego.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

b) Renuncia

A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da correspondente renuncia cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude no vindeiro exercicio orzamentario.

c) Infraccións e sancións

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o previsto na Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

BASE 12ª. PUBLICIDADE

12.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG publicárase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicáranse, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

12.2. Publicidade das subvencións concedidas

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

12.3. Publicidade do financiamento público

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un **cartel**, de forma visible, informativo da súa participación na convocatoria de "**AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2024**" do Concello de Vigo. A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o modelo normalizado do cartel. O cartel informativo da subvención manterase exposto, cando menos, ata o 31 de xuño de 2025.

BASE 13ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén serán obxecto das obrigas de publicación e poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas e beneficiarias poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

BASE 14ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria rexerese polas súas Bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 15ª. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 4700006 de Axudas á contratación do vixente orzamento, por un importe total de 235.000,00€ (douscentos trinta e cinco mil euros) que se distribuirán segundo o programa de axudas:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos cunha contía de **135.000,00€** (cento trinta e cinco mil euros).

B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas dos outros programas, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, denegarase as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

BASE 16ª. DISPOSICIÓN FINAL

A beneficiaria facilitará toda a información e documentación que, en relación ao expediente de subvención, lle sexa requirida pola Concellaría delegada de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2024

Primeiro. Obxecto

O Concello de Vigo convoca o programa de "AXUDAS Á MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN" no marco da actuación municipal para o ano 2024. Estas axudas se integran na liña 2.6. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratégico de Subvencións (PES)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024; ao seu efecto, ten por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación, favorecer o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras do municipio de Vigo, outorgando especial atención ás empresas e ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos, que comprende a transformación en indefinido do contrato previo formalizado xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2023 ata ó 30 de xuño de 2024** realizado á persoa traballadora empadroada no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas, que comprende a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde ó 1 de xullo de 2023 ata ó 30 de xuño de 2024** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral, que comprende a axuda no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2023 ata ó 30 de xuño de 2024** a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato, en calquera das súas modalidades, de tempo parcial a tempo completo, segundo estableza o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.

En todos os programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinarán a contía a conceder na data da contratación, ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadroamento no municipio de Vigo, cando menos, desde ó 1 de xaneiro de 2023.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da empresa (micropeme), da persoa a contratar e da duración da xornada de traballo segundo o programa solicitado.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha xornada laboral mínima, igual ou superior, ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación.

Segundo. Beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas^(*), as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

^(*) *Empresa con 250 traballadores ou máis e un volume de facturación anual superior aos 50 millóns de euros ou un activo total que supera os 43 millóns de euros.*

Terceiro. Réxime da convocatoria

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva

Cuarto. Normativa e Bases reguladoras

Esta convocatoria rexerese polas súas Bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á *asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación"* dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de 235.000,00€ (douscentos trinta e cinco mil euros) que se distribuirán segundo o programa de axudas:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos cunha contía de **135.000,00€** (cento trinta e cinco mil euros).

B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata ó 14 de xullo de 2024**.

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación

A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada de revisar e avaliar as solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráse por desistido da súa solicitude, previa resolución.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de nove meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Oitavo. Criterios de valoración

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos determinados nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

Noveno. Outros datos

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

Décimo. Publicación

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- A convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE DD/MM/2024, POLO QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2024

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas, as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Segundo. Obxecto

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de "Axudas municipais á contratación" no marco da actuación municipal para o ano 2024. Estas axudas se integran na liña 2.6. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024; ao seu efecto, ten por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación das persoas traballadoras do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras do municipio de Vigo, outorgando especial atención ás empresas e ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa Indefinidos, que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2023 ata ó 30 de xuño de 2024** realizados a persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

B) Programa Contratacións, que comprenderá a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá as

contratacións que se realicen **desde ó 1 de xullo de 2023 ata ó 30 de xuño de 2024** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral, que comprende a axuda no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2023 ata ó 30 de xuño de 2024** a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato, en calquera das súas modalidades, de tempo parcial a tempo completo, segundo estableza o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.

En todos os programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinaran a contía a conceder na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadroamento no municipio de Vigo, cando menos, desde ó 1 de xaneiro de 2023.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da empresa (micropeme), da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo segundo o programa solicitado.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á *asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación"* dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de 235.000,00€ (douscentos trinta e cinco mil euros) que se distribuirán segundo o programa de axudas:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos cunha contía de **135.000,00€** (cento trinta e cinco mil euros).

B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata ó 14 de xullo de 2024**.

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

Sexto. Outros datos

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

8(222).- DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DA CONTÍA RECIBIDA POR EXCESO DA AXUDA CONCEDIDA POLA XUNTA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA (SADI)”. EXPTE. 12297/224.

Visto o informe de fiscalización do 01/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/03/2024, asinado pola xefa de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- A Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Resolución do 20 de abril de 2023, estableceu as bases reguladoras que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, e procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 87 do 8 de maio de 2023).

O obxecto da convocatoria foi a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de lles prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopan nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Coa dita finalidade a convocatoria establecía, entre outros, o seguinte programa:

a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A)

SEGUNDO.- Vistos os requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valorou conveniente presentar á liña “Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A). Bolsas de coidado para desenvolver no domicilio (artigo 6.2.1.^a)” da devandita convocatoria o programa:

“Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia” (SADI)

Orzamento estimado de gastos de persoal para bolsas de coidado no domicilio no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 109.542,53 €.

Axuda solicitada: 120.496,78 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 6.7 da Resolución da convocatoria, corresponde a gastos indirectos).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2023 acórdase solicitar o dito programa municipal (Servizo de Atención Domiciliaria da Infancia" (SADI) á liña de subvención "Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A). Bolsas de coidado para desenvolver no domicilio" (axuda solicitada: 120.496,78 €) ao abeiro do disposto na Resolución do 20 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

TERCEIRO.- Ao abeiro da Resolución do 20 de abril de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, o Concello de Vigo resultou adxudicatario, dunha subvención, entre outras, para a acción "*Servizo municipal de atención domiciliaria á infancia (SADI)*". A subvención foi concedida por un importe de 96.397,42 € . O día 8 de setembro de 2023 a Xunta de Galicia fixo efectivo un ingreso ao Concello de Vigo de 77.117,94 € en concepto de anticipo, correspondente ao 80% do total concedido para os custes directos do persoal da actividade de conciliación. Incorporárase ao expediente certificación da Tesourería acreditativa de dito ingreso nas arcas municipais.

CUARTO.- Mediante Resolución de Alcaldía de data 27.09.2023 apróbase a modificación orzamentaria 94/23 do expediente 12454/224 por un importe total de 40.000 euros, solicitada polo Servizo de Igualdade, como consecuencia da achega do anticipo da Xunta de Galicia, vía xeración de créditos por obterse maiores ingresos no concepto orzamentario 450816 e proxecto n.º 23231106 na partida *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades*.

O Servizo de Igualdade non xerou créditos polo resto do importe do anticipo recibido.

QUINTO.- En datas 11 e 16 de outubro de 2023 o Concello de Vigo, a través do Servizo de Igualdade, presenta perante a Xunta de Galicia a memoria xustificativa do dito programa subvencionado e o resto de documentación necesaria para completar o expediente de xustificación. Os gastos elixibles da liña da convocatoria corresponden a custes directos de persoal. Os servizos de coidados domiciliarios no período subvencionable prestáronse por persoal contratado pola entidade adxudicataria do contrato municipal do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI), sendo once traballadoras as que reuniron os requisitos establecidos na convocatoria da Secretaría Xeral de Igualdade. Os custes directos das horas realizadas por estas traballadoras supuxeron un total de 76.307,41 €.

SEXTO.- Mediante notificación de data 21 de decembro de 2023 (doc nº 230415852) a Secretaría Xeral de Igualdade comunica ao Concello de Vigo o seguinte:

"Unha vez examinada a documentación presentada pola entidade para a xustificación da axuda conforme ao establecido no artigo 20 da mencionada Resolución do 20 de abril, o importe correspondente ao custo directo de persoal subvencionable ascende a 76.307,41 € .

A normativa reguladora da subvención establece no seu artigo 6.10: "Se é o caso, a subvención será minorada proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade do custo de persoal. En todo caso, non se xerará dereito ao cobramento da subvención, e procederá o reintegro do anticipo, cando as xustificacións non acaden, como mínimo, o 25 % do custo do persoal.

Polo exposto o Concello de Vigo declara un custe directo de persoal inferior ao que figuraba na solicitude inicial polo que se procede á minoración da subvención inicialmente concedida en 29.246,90 € quedando o importe da axuda concedida en 67.150,52 €, tendo que devolver do anticipo percibido a cantidade de 9.967,42 €".

En base ao anterior, comunica ao Concello de Vigo que abre un trámite de audiencia, previo á proposta de minoración da axuda mencionada.

O Concello de Vigo non presentou alegacións ao estar conforme con dita minoración.

SÉTIMO.- Mediante Resolución de modificación da resolución de subvención ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables 2023-SI436A de data 11.03.2024 da subdirectora xeral de Promoción da Igualdade da Secretaría Xeral de Igualdade (doc nº 240083010), acórdase:

- . A aprobación da modificación do importe da axuda concedida mediante a Resolución do 20 de abril de 2023, en 67.150,52, manténdose o resto das obrigas e dos requisitos establecidos na resolución da concesión.
- . Anular o compromiso, retención e autorización de gasto.
- . O reintegro parcial do anticipo concedido na cantidade de 9.967,42 €.

Polo exposto na devandita Resolución, a Xunta de Galicia solicita ao Concello de Vigo a devolución parcial do anticipo de 9.967,42 € que Concello de Vigo recibiu en concepto de pagamento anticipado (80% da subvención concedida).

OITAVO.- Este servizo xestor mostra a súa conformidade coa modificación da subvención concedida e inicia o procedemento de devolución voluntaria da contía recibida polo exceso da axuda concedida mediante o ingreso nos termos que establece o artigo 64 "Devolución por iniciativa do perceptor" do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En base a todo o exposto no presente informe, e previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- A devolución voluntaria á Xunta de Galicia do importe de 9.967,42 € (nove mil novecentos sesenta e sete euros con corenta e dous céntimos), contía recibida polo exceso da axuda concedida para o desenvolvemento do programa *Servizo de atención domiciliar á infancia*, actuación do Plan Corresponsables 2023-SI436A, mediante o ingreso na conta bancaria do Tesouro da Xunta de Galicia nº ES82 2080 0300 8731 1006 3172, nos termos que establece o artigo 64 "Devolución por iniciativa do perceptor" do Decreto 11/2009, do 8



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDO.- A dita devolución farase con cargo ao concepto orzamentario 450816 e proxecto número 23231106.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(223).- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN INSTITUTO DE ENSINANZA SECUNDARIA EN SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 5313/401.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/02/2024, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, a xefa do Departamento de Desenvolvemento e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. Antecedentes e Feitos

I.I. Actuacións administrativas realizadas

Con data do 19.01.2024 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, ditou Resolución de incoación do presente expediente, do que se reproduce a continuación os seus Antecedentes e Fundamentación Xurídica, que lle serven da base á presente, por non incorrer en repeticións innecesarias :

“A mellor comprensión do sentido deste pronunciamento, require dunha breve explicación preparatoria, toda vez, que constitúe continuidade do previsto na 2ª MP do Plan parcial de San Paio de Navia (Exp. 15666/411).

A 2ª Modificación puntual do Plan Parcial de Navia definitivamente aprobada polo Pleno do Concello de Vigo, a instancia do Instituto Galego de Vivenda e solo, en sesión do 29 de xullo de 2020, publicada no DOG núm. 183 do 09.09.2020, BOP núm. 212 do 03.11.2020, e inscrita no Rexistro de planeamento de Galicia o 09.10.2020, co núm. RPG00064/2020, - acadando plena vixencia e executividade- dispuxo, no que aquí nos interesa, e en cumprimento do disposto no artigo 42.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que “o plan establecerá as reservas de solo para dotacións urbanísticas nos lugares axeitados para satisfacer as necesidades da poboación, en orde a asegurar a súa accesibilidade, funcionalidade e integración na estrutura urbanística”.

Dende xaneiro de 2022, o IGVS é titular das parcelas destinadas a equipamento en dito instrumento de planeamento, isto é, as parcelas EQ-III B, EQ-IV B, EQ-V-1 e EQ-V-2.

*Parcela EQ-IIIB no Plan Parcial aprobado, de 12.576m², situada no Polígono 2 Fase B (Etapa IIIB).
Parcela EQ-IVB de 1.962 m², situada no polígono 1 Fase B (Etapa IVB)
Parcela EQ-V-1 de 2.061 m², situada no polígono 2 Fase A (Etapa V)
Parcela EQ-V-2 de 7.347 m², situada no polígono 2 Fase A (Etapa V)*

No que aquí nos interesa, a 2ª MP do PP de San Paio de Navia, define como espazo destinado a equipamento a parcela EQ-III B, de 12.576 m², situada no polígono 2 da Fase B (Etapa IIIB), cuxo proxecto de urbanización foi aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 28.07.2023 (Exp. 5276/401).

O Goberno de Vigo, ante as necesidades educativas de Navia e de Vigo, tomou a decisión de adicar a parcela EQ-III B de 12.576 m² o novo Instituto de Vigo, en Navia.

Con data do 11 de febreiro de 2020, o Consello da Xerencia municipal de urbanismo tomou coñecemento do "Proxecto de Protocolo xeral de actuación entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción e posta en funcionamento dun Instituto de Ensinanza Secundaria en San Paio de Navia ; e que consta remitido a citada Consellería en dita data ao obxecto da súa negociación previa e posterior sinatura. (Exp. 522/406); Asemade, redactouse por esta XMU proposta de Convenio co dito obxecto, e da que se lle deu traslado á Xunta de Galicia, na que xa se recollía explicitamente que se procedese a cesión a esta administración dos ditos terreos necesarios para a construción dun novo IES en San Paio de Navia, así como que se recolleran os compromisos orzamentarios necesarios para a súa execución.

Con data do 10 de marzo de 2023, - e reiterada con data do 20.10.2023- o Concello de Vigo solicitou ao IGVS a cesión da citada parcela, cesión sen materializar a día de hoxe.

Finalmente, con data do 28.11.2023 tiña entrada no rexistro electrónico do Concello de Vigo, un oficio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, ao que se xunta o borrador/ proposta do dito convenio de colaboración, no que, a modo de resumo, inclúe a cesión de uso o Concello de Vigo da parcela EQ-III B, referencia a adxudicación polo Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia da redacción do proxecto básico e de execución do IES de Navia por un importe de 328.448,12 euros, así como os compromisos de financiamento con cargo aos orzamentos da CCAA para os anos 2024, 2025 e 2026 o cadro de investimentos que se levarán a cabo, así como o compromiso da licitación das obras antes de finais do ano 2024; Xa que logo, o documento neste intre trasladado, contempla e da resposta dun xeito expreso aos compromisos demandados dende esta administración á Xunta de Galicia, aceptando os mesmos.

I.II Obxecto do convenio

Tal e como recolle literalmente o proxecto do convenio, o obxecto da actuación é establecer e concretar as bases da colaboración e cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, para a construción dun novo Instituto de Educación Secundaria en San Paio de Navia, con fin de mellorar o servizo público educativo na cidade de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

I.III- A cabida do Convenio e observacións ao mesmo

Exposto o anterior, estamos en condición de desagregar o contido do borrador de convenio proposto, que se estrutura, tras o encabezamento, nunha parte expositiva composta de oito apartados, e unha dispositiva con oito cláusulas obrigacionais.

A parte expositiva previa cita das autoridades asinantes por cada institución interveniente, dá conta das razóns de conveniencia e oportunidade que xustifican a sinatura do documento, recollendo, as competencias das entidades asinantes, os antecedentes e os obxectivos que se queren acadar coa súa sinatura.

Examinado o clausulado adicado a trama obrigacional, e no referente as actuacións a desenvolver polas partes, efectúase a observación, que se proceda a suprimir da cláusula segunda, apartado 1.- adicada aos compromisos do Concello de Vigo, a locución "(segundo o borrador da resolución remitida polo IGVS con data 4 de xullo de 2023 a Xerencia de urbanismo do Concello), por mor de que a amentada Resolución, tal e como se indica, reviste un alcance dun documento interno de traballo entre as partes intervintes.

Respectos aos compromisos a asumir pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (estipulación segunda, apartados 2 e 3), e no que respecta á licitación das obras conforme aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, existe un erro de transcripción no cadro de investimentos, ao duplicarse a anualidade 2025.

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

II.I. Competencia das entidades subscribintes

A entrada en vigor, o 31 de decembro de 2013, da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, (LRSAL) veu a supor unha profunda incidencia no marco competencial das administracións municipais; Na nova configuración da LRSAL, o lexislador estatal pretendeu definir con precisión as competencias a desenvolver pola administración local, para o que enumerou o listado de materias nas que os municipios terán que exercer, en todo caso, competencias propias, establecéndose unha reserva formal de lei para a súa determinación e unha serie de garantías para a súa concreción e exercicio. Nesa formulación, as entidades locais só poderán exercer competencias distintas das propias ou das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da facenda municipal, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra administración pública, de forma que a estabilidade orzamentaria vinculará de forma directa a eliminación de duplicidades administrativas e a celebración de convenios entre administracións.

En puridade, as Entidades locais non poderán asumir competencias que non lles atribúa a lei e para as que non conten co financiamento adecuado; Pois ben o artigo 25.2 da LBRL, coa modificación operada pola LRSAL, dispón que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a de "participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos

de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial".

De xeito aproximado, o artigo 198 da LALG, establece que a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos das súa competencia, coordinando así as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións, executar obras ou servizos, ceder e aceptar a cesión de uso de bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo.

A utilización da figura de convenio debe supor un adecuado medio de eficiencia e xestión para a realización das actividades de utilidade pública e contribuír á súa realización, sen que se dea un carácter contractual na presente relación que promove a actividade de colaboración técnica e económica.

Sentado o anterior, o convenio é a canle apta para articular a cooperación ou coordinación, do que pode desprenderse unha segunda conclusión, como é a súa viabilidade xurídica a título de instrumento de colaboración aos fins pretendidos; poren, terá que axustarse ás esixencias procedimentais e substantivas establecidas polo ordenamento xurídico, as canles haberán de ser cumprimentadas, obviamente, tamén nas actuacións administrativas posteriores dirixidas a súa plena materialización e que, de seguido acometeremos.

II.II. Os convenios de cooperación ou colaboración

É sabido que entre os principios reitores da actividade das Administracións públicas ocupan un lugar preeminente os de colaboración e cooperación, constitucionalizados no artigo 103 da Constitución e positivizados polos artigos 3.1 e) e k) e 140 da LRXSP e seguintes, 86 da LPACAP e 10 e 55 da LRRL que impulsan a coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os desas administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas, ademais – como sucede neste caso- de prestarse a cooperación e asistencia activas necesarias para o eficaz desenvolvemento das tarefas que lle corresponden. Neste eido das relacións de cooperación e colaboración entre Administracións Públicas, o convenio administrativo se constitúe en ferramenta propicia a través da cal se van encanar os referidos principios, en aras dunha adecuada realización dos intereses públicos que a aquelas están encomendados. Xa que logo, o citado artigo 57 LRRL promove ese desenvolvemento voluntario de cooperación técnica e administrativa entre a Administración local e as restantes administracións territoriais superiores en servizos locais ou en asuntos de interese común, baixo un negocio xurídico como o convenio administrativo, cos fins de mellorar a eficiencia pública, eliminar duplicidades e o cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Concello de Vigo comprométese a aceptar a cesión de uso da parcela_EQ-IIIB no Plan Parcial aprobado, de 12.576m², situada no Polígono 2 Fase B (Etapa IIIB), libre de cargas e gravames, e posteriormente proceder á posta a disposición da citada parcela á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a construción do centro educativo, con anterioridade á licitación das obras; así como a axilizar todos os trámites municipais de posta a disposición dos terreos, concesión de licenzas de obras, primeira ocupación e actividade, unha vez comprobada a adecuación do proxecto á normativa técnica e urbanística de aplicación, o axuste das obras a licenza outorgada, e ao resto do ordenamento xurídico vixente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, comprométese á licitación das obras antes de finais do ano 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 10.01.22M.622.2 conforme os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, 2025 e 2026; asumindo os importes dos modificados, no seu caso, e demais incidencia con contido económico que poidan xurdir con ocasión da execución das obras.

Ambas partes comprométese a garantir esta colaboración entre as dúas administracións en cantos medios e actos se utilicen para promocionarse e difundir esta acción.

II.III. Trámites consecutivos

A tramitación do expediente ten que axustarse ás normas xerais reguladoras dos procedementos administrativos de aplicación, referímonos exclusivamente neste apartado á tramitación correspondente á administración municipal.

No que se refire á aprobación do convenio, con fundamento na Disposición adicional segunda TRLCSP, neste municipio corresponde á Xunta de goberno local a competencia na materia contractual e de adxudicación de concesións, así como a xestión e alleamento do patrimonio con inclusión da súa adquisición, de modo que, en estrita puridade, correspondería tamén a este órgano colexiado a aprobación do convenio, sendo si atribución da Alcaldía a sinatura do pacto, conforme coas facultades representativas e ostensivas que posúe con base no artigo 124.1.4.ñ) LBRL.

Noutra orde de cousas, e por semellanza co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, unha vez aprobado o convenio, poderá dispoñerse a remisión dun extracto do mesmo ao boletín oficial como dación da conta do mesmo no cuadrimestre posterior.

Indícase asemade que o convenio debe remitirse para a súa constancia, coordinación e control debido, ao libro rexistro deste tipo de negocios xurídicos, existente neste Concello.

Por canto antecede, propónse á Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, en virtude da Resolución de delegación de competencias do 04.07.2023 (BOP núm. 136, do 14 de xullo de 2023) o ditado da seguinte,

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.: Incoar formalmente baixo o núm. de expediente 5313/401, que se instruírá en formato electrónico, o procedemento administrativo correspondente a tramitación do “Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Excmo. Concello de Vigo, para a construción dun Instituto de Ensinanza Secundaria (IES) en San Paio de Navia, Vigo”.

SEGUNDO.: Remitir a presente Resolución á Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, e o novo texto do Convenio, ao obxecto da súa negociación previa a sinatura, interesando pronunciamento no prazo mais breve posible, ás observacións/consideracións efectuadas no corpo da presente.

TERCEIRO.: Dar conta da presente Resolución ao Consello da XMU, no exercicio debido das labores de control, estatutariamente conferidas (artigo 10.3 dos seus Estatutos, na súa versión consolidada.(..)).

Da devandita Resolución, tomou coñecemento o Consello da XMU, na sesión ordinaria que tivo lugar con data do 23.01.2024.

En cumprimento do disposto, mediante oficio da Concelleira Delegada da área de Urbanismo e Vivenda de data 22.01.2024 - notificación núm. 739-2024- déuselle traslado á Concellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia do actuado no presente expediente, isto é a amentada Resolución de incoación, así como o texto do Convenio, ao obxecto da súa negociación, interesando no prazo máis breve posible, pronunciamento ás observacións/consideración efectuadas polo Concello de Vigo.

Así as cousas, con data do 24.01.2024 tiña entrada no Concello de Vigo, - a través do sistema de interconexión de rexistros- un oficio da Secretaria xeral técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, no que pon de manifesto que unha ver revisado o texto do convenio remitido polo Concello de Vigo, e logo da emisión do informe favorable da súa Asesoría xurídica, indícase que se aceptan as observacións efectuadas por esta administración, e achegan o novo texto de Convenio que incorpora as mesmas.

II. Fundamentos de Dereito/ Valoración Xurídica

II.I. Normativa Básica aplicable

TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),

LPACAP(L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),

LRXSP (L. 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público),

LALGA (L. 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia),

PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II.- Efectos e obxecto do Convenio

O artigo 86.1 da LPAC sinala que, *“(..). as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios o contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule (...).”*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

No que respecta as cuestións xurídicas que reviste a subscrición do dito convenio, a técnica que subscribe, valida a mesma a través do presente informe, ao constituír a canle axeitada para regular o réxime xurídico da actuación, supondo un adecuado medio de eficiencia e xestión para acadar a finalidade pretendida; poren, terá que axustarse ás esixencias procedimentais e substantivas establecidas polo ordenamento xurídico, as canles haberán de ser cumprimentadas, obviamente, tamén nas actuacións administrativas posteriores dirixidas a súa plena materialización

II.III. Órgano competente

A tramitación do expediente ten que axustarse ás normas xerais reguladoras dos procedementos administrativos de aplicación, referímonos exclusivamente neste apartado á tramitación correspondente á administración municipal.

No que se refire á aprobación do convenio, con fundamento na Disposición adicional segunda TRLCSP, neste municipio corresponde á Xunta de goberno local a competencia na materia contractual e de adxudicación de concesións, así como a xestión e alleamento do patrimonio con inclusión da súa adquisición, de modo que, en estrita puridade, correspondería tamén a este órgano colexiado a aprobación do convenio, sendo si atribución da Alcaldía a sinatura do pacto, conforme coas facultades representativas e ostensivas que posúe con base no artigo 124.1.4.ñ) LBRL.

Noutra orde de cousas, e por semellanza co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, unha vez aprobado o convenio, poderá dispoñerse a remisión dun extracto do mesmo ao boletín oficial como dación da conta do mesmo no cuadrimestre posterior.

Indícase asemade que o convenio debe remitirse para a súa constancia, coordinación e control debido, ao libro rexistro deste tipo de negocios xurídicos, existente neste Concello.

Por canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a proposta do Consello da XMU, a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. :Aprobar o texto de Convenio, que figura como Anexo a esta proposta, co seguinte título:

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Excmo. Concello de Vigo, para a construción dun Instituto de Ensinanza Secundaria (IES) en San Paio de Navia, Vigo

Correspondéndolle a Alcaldía a sinatura do pacto, conforme coas facultades representativas e ostensivas que posúe con base no artigo 124.1.4.ñ) LBRL

SEGUNDO.: Dispor a remisión dun extracto do mesmo ao DOGA como dación da conta do mesmo no cuadrimestre posterior.

TERCEIRO.: Remitir unha copia do mesmo, ao libro rexistro correspondente do Concello de Vigo.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 26/03/2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, E O CONCELLO DE VIGO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA (IES) EN SAN PAIO DE NAVIA (VIGO).

REUNIDOS

Por unha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en nome e representación da **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade** da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, de seis de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, dos 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, D. Abel Caballero Álvarez, actuando en representación do **Concello de Vigo**, en virtude da súa condición de alcalde da citada corporación, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as administracións das comunidades autónomas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Segundo.- Que segundo o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

A colaboración entenderase como o deber de todas as administracións públicas de ponderar e respectar, nas súas respectivas actuacións, a totalidade dos intereses públicos implicados, así como, no traballo en común para a solución daqueles problemas que puidesen exporse máis alá do concreto reparto competencial.

Terceiro.- Que o artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Administración local, establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, a de *"participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial"*.

As disposicións adicionais primeira e cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local, dispoñen que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local continuarán prestándose polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto na mesma.

Así mesmo, a disposición adicional décimo quinta, apartado 4, da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina que os municipios cooperarán coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a adaptación ou construción dos centros docentes.

Cuarto.- Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, de acordo co artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten as atribucións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Quinto.- Que co fin de materializar a cooperación para potenciar o desenvolvemento do sistema educativo galego, en especial no que atinxe á comunidade escolar da entidade local, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, e o Concello de Vigo, acordan subscribir o presente convenio de colaboración para a construción dun novo centro educativo na zona de Navia.

Sexto.- A zona do barrio de Navia na cidade de Vigo, cunha poboación de 10.121 habitantes vén de converterse no de idade media máis baixa da cidade e o de maior número de menos e nenas de 0 a 18 anos o que fai necesario a dotación de novas infraestruturas educativas co fin de dar resposta ás demandas e necesidades presentes e futuras da comunidade veciñal e do alumnado de Navia

Sétimo. A segunda modificación do plan parcial de San Paio de Navia, en Vigo, que aprobose definitivamente polo Concello de Vigo o 29 de xullo de 2020, define como espazo destinado a equipamento a parcela EQ-III B, de 12.576 m², situada no polígono 2 da Fase B (Etapa III B).

O Goberno de Vigo, ante as necesidades educativas de Navia e de Vigo, tomou a decisión de

adicar a parcela EQ-III B, de 12.576 m² ao novo IES de Vigo en Navia.

Con data 10 de marzo de 2023, - e reiterada con data do 20.10.2023- o Concello de Vigo solicitou ao IGVS a cesión gratuíta da citada parcela na que a Consellería de de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto construír un novo instituto de educación secundaria.

Oitavo. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, licitou xa a redacción do proxecto básico e de execución do IES de Navia que foi adxudicado o 24 de novembro de 2023 polo importe de 328.118,12 € e un prazo de execución de oito meses.

Así, e co fin de acadar o obxectivo exposto, ambas as partes, de común acordo, conforme ao artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de reguladora das bases do réxime local, declaran a súa vontade de subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer o marco xeral de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Vigo co fin de construír un novo instituto de Educación Secundaria en San Paio de Navia, Vigo, co fin de mellorar o servizo público educativo na cidade de Vigo

Segunda.- Compromisos das partes

As actuacións a desenvolver polas partes para a consecución do fin pretendido serán as seguintes.

1.O Concello de Vigo comprométese a aceptar a cesión de uso da parcela EQ-III B correspondente á segunda modificación puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia e proceder á posta a disposición da citada parcela á Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a construción do centro educativo, con anterioridade á licitación das obras

2. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, comprométese á licitación das obras antes de finais do ano 2024 con cargo á aplicación orzamentaria 10.01.22M.622.2 que conforme os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, ten previstas as seguintes anualidades :

Ano 2024 : 103.769,45€

Ano 2025: 6.761.639€

Ano 2026: 6.761.639€

No obstante faise constar que o orzamento de licitación definitiva, deberá axustarse a contía económica definida que veña determinada no proxecto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

3. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade asumirá o importe dos modificados, no seu caso, e demais incidencias con contido económico que poidan aparecer na execución das obras, sempre que estean debidamente xustificadas

4. O Concello de Vigo comprométese a axilizar todos os trámites municipais de posta a disposición dos terreos necesarios, concesión de licenzas de obras, primeira ocupación e actividade, unha vez comprobada a adecuación do proxecto á normativa técnica e urbanística de aplicación, e o axuste das obras a licenza outorgada.

Terceira.- Seguimento

Constitúese a Comisión Mixta de seguimento do Convenio integrada por tres membros de cada unha das partes, a designar polos órganos competentes das mesmas. As funcións de secretario desempeñaranse polo vogal que se designe de mutuo acordo.

A comisión ten por obxecto impulsar as actividades de colaboración previstas no convenio, interpretar o contido do convenio e resolver as cuestións litixiosas que podan xurdir. A tal efecto, a Comisión constituirase dentro do mes seguinte á sinatura do convenio.

Coa finalidade de axilizar a posta a disposición da parcela e a concesión da licenza de obra, celebraranse cantas reunións técnicas sexan precisas entre os técnicos da Consellería e os técnicos do Concello de Vigo.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Cuarta.- Resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio

Quinta. Información Pública

Cada unha das partes destacará a colaboración que mantén coa outra parte en cantos medios e actos se utilicen para a promoción e difusión das súas actividades conxuntas. A estes efectos, ambas as partes comprométese a garantir esta colaboración entre as dúas administracións en cantos medios e actos se utilicen para promocionar e difundir esta acción.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e no portal de transparencia do Concello de Vigo incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e nos inventarios de bens municipais correspondentes .

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a finalización das actuacións obxecto do presente convenio.

Sétima.- Réxime xurídico

O presente convenio ten para ambas partes os efectos xurídicos e económicos que se regulan no mesmo, e no seu defecto, con carácter xeral, os previstos nos artigos 47 a 52 da lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, así como a suxeición aos principios das relacións interadministrativas previstas no artigo 140 da LRXSP.

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava .- Protección de datos

O obxecto do presente convenio levarase a cabo con suxeición á lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal e en particular con suxeición á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en materia de protección de datos. E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes asínano dixitalmente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”. Expte. 10068/335.
- .- Contrato de patrocinio publicitario para a “XXV Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2024” organizada polo Faro de Vigo. Expte. 20013/101.
- .- Bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de xefe/a de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local mediante concurso específico. Expte. 1711/110.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- .- Bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de xefe/a de Estadística mediante concurso específico. Expte. 1712/110.
- .- Proposta de aprobación do proxecto de "Nova Grada de Gol do Estadio de Balaídos". Expte. 4865/443.
- .- Nomeamento, como persoal laboral, dun oficial albanel (C2)- OEP 2017-2018-2019. Expte. 43485/220.
- .- Nomeamento, como funcionarias de carreira, de tres administrativas pola quenda de promoción interna (C1)- OEP 2017-18-19. Expte. 43250/220.
- .- Nomeamento, como funcionaria de carreira, de unha administrativo/a (C1), pola quenda libre-OEP 2017-18-19. Exp. 43469/220.
- .- Nomeamento como persoal laboral, de dous oficiais electricistas (C2), pola quenda libre- OEP 2017-18-19. Expte. 43218/220
- .- Nomeamento, como persoal laboral, dun oficial ferreiro/a (C2), pola quenda libre-OEP 2017-18-19. Expte. 43362/220
- .- Nomeamento, como persoal laboral, de dous oficiais sepultureiros (C2) -OEP 2017-18-19. Expte. 43485/220.
- .- Informe ao recurso especial presentado no expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas. Expte. 62777/332.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

10(224).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS". EXPTE. 10068/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 27/03/2024 e o informe de fiscalización do 02/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/03/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 29 de febreiro de 2024, a concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas”.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 29 de febreiro de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 14 de marzo de 2024.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 14 de marzo de 2024.
- Memoria económica, de data 29 de febreiro de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- Certificados de retención de crédito, de data 1 de marzo de 2024 (operacións nº 202400043675 -RC e 202400043676-RCFUT1).
- Memoria xustificativa, de data 25 de marzo de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 26 de marzo de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, garante a libre concorrência.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adjudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 14 de marzo de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 26 de marzo de 2024 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 866.366,34 €, sendo o valor estimado do contrato de 3.944.570,08€ con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” e as seguintes anualidades:

- *ano 2024: 826.470,17 € (95,395 %)*
- *ano 2025: 39.896,17 € (4,605 %)*

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(225).- CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A “XXV GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2024” ORGANIZADA POLO FARO DE VIGO. EXPTE. 20013/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 21/03/2024 e o informe de fiscalización do 01/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/03/2024, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, o xefe do Servizo de Deportes e conformado pola concelleira delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio que consta no expediente, asinado con data 26 de febreiro de 2024 pola Xefa do departamento administrativo de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para a “XXV Gran gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2024” organizada polo Faro de Vigo.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.l. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para proporcionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción do deporte.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado pola Xefa do departamento administrativo de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal asinada con data 23 de febreiro de 2024. Deu fe a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña con data 26 de marzo de 2024.
- Memoria económica do contrato asinada pola Xefa do departamento administrativo de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal municipal con data 26 de febreiro de 2024.
- Declaracións dos redactores do prego técnico de data 29 de febreiro de 2024 asinados polo Xefe do Servizo de Deportes - Director deportivo e pola Xefa do departamento Administrativo da Alcaldía.
- Prego de Prescricións técnicas particulares de data 1 de marzo de 2024 asinado polo Xefe do Servizo de Deportes - Director deportivo e pola Xefa do departamento administrativo de Alcaldía.
- Memoria xustificativa do contrato asinado con data 14 de marzo de 2024 pola Xefa do departamento Administrativo da Alcaldía, polo Xefe do Servizo de Deportes - Director deportivo e pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data de 14 de marzo de 2024.
- Informe sobre a rendibilidade do patrocinio da Gala do Deporte que Faro de Vigo propón ao Concello de Vigo elaborado pola empresa ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L asinado electronicamente con data 1 de marzo de 2024, e anexado no trámite nº 23.

II.- Condicións definitórias do contrato

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do presente expediente contéplase no desenvolvemento das accións vinculadas a proposta de patrocinio publicitario da entidade Faro de Vigo S.A.U., editora do xornal "Faro de Vigo", ao Concello de Vigo con motivo da próxima celebración da XXV edición da "GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2024", organizada polo Faro de Vigo e que de forma concreta se definen na cláusula 3ª e 4ª do PPTP.

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 12 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover o deporte e promover e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

II.2.- Xustificación da necesidade da publicidade.

O patrocinio publicitario é unha ferramenta de comunicación e publicidade que permite que a imaxe de marca da cidade chegue a un gran número de persoas. Sendo os proxectos deportivos, culturais, turísticos e educativos os que despertan mais interese.

No patrocinio publicitario o patrocinador, a cambio dunha achega económica, goza da notoriedade e resonancia da actividade desenvolvida polo patrocinado, co fin de dar a coñecer o seu nome ou marca entre o público e promover a súa imaxe.

Neste senso, o patrocinio de proxectos de carácter cultural, deportivo, educativo ou turístico cun alto grado de notoriedade, contribúe a difusión da imaxe de cidade, no marco do desenvolvemento da dunha industria cultural e creativa.

Ademais dos beneficios cualitativos antedito relacionados coa imaxe de marca, os patrocinios publicitarios reportan beneficios cuantitativos baseados en datos económicos tanto de retorno publicitario publicitario, como de retorno económico para a cidade a curto, medio e longo prazo.

O “Concello de Vigo”, como patrocinador do proxecto, difundirá a súa participación directa na promoción da deporte o que lle permitirá, como máximo expoñente do fomento de deporte en Vigo, alcanzar e desfrutar dun alto grado de notoriedade das actividades, difundir a imaxe do Concello de Vigo vencellada a un proxecto de apoio ao deporte, así como, resaltar a propia acción deportiva que se desenvolve na cidade, como un dos seus valores de identidade.

Así, o gasto da proposta de patrocinio atópase vinculado ó desenvolvemento dunha acción de aspecto social, universal e transversal como é o deporte, no marco da estratexia de “facer cidade” entendida como a necesidade de traballar conxuntamente, coa participación de toda a cidadanía, para conseguir un modelo de cidade compartido por todos, polo cal é necesario iniciar un expediente para a contratación desta proposta de patrocinio publicitario.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

O retorno total estimado do proxecto por importe de 371.545,66 € xustifica o prezo do contrato por importe de 75.000,00 €, moi inferior ao custe de contratar directamente as insercións publicitarias en soporte papel, en soporte dixital e outras accións de comunicación (organización da Gala) detalladas no proxecto presentado pola entidade Faro de Vigo S.A.U., e que se atopa anexado ao expediente no trámite nº 3 .

Achégase no expediente no trámite nº 23 o informe xustificativo da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. sobre se o retorno publicitario do proxecto e que ascende a un importe de 371.545,66 € ive, en concepto de patrocinio publicitario solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación.

II.3.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO, S.A.U., que ten a exclusiva o proxecto.

En virtude do artigo 168 da Lei 9/2017, que ampara aqueles supostos en que por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusividade o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado, xa que como queda manifestado nos antecedentes, a proposta parte de maneira directa da entidade “Faro de Vigo S.A.U.”, a cal ven desenvolvendo esta actuación de maneira exclusiva e por outro lado a peculiaridade do retorno publicitario queda tamén garantida a través deste xomal, o cal e o medio de comunicación líder na provincia de Pontevedra.

A proposta parte de maneira directa da entidade “FARO DE VIGO S.A.U.”, a cal é a propietaria de todos os dereitos de propiedade industrial e intelectual da “Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2024” e por outro lado a peculiaridade do retorno publicitario queda tamén garantida a través dos medios propios da organizadora, que acada uns valores de identificación extraordinarios. Esta difusión se realiza a través serie de accións de comunicación e difusión a través do xomal “FARO DE VIGO”, tanto na súa edición en papel como na web, así como na acción de comunicación da propia Gala.

Polo tanto, o Órgano de Contratación, unha vez cursada e recibida a oferta da entidade fixará coa empresa “FARO DE VIGO S.A.U.” o prezo do contrato deixando constancia do mesmo no expediente e non sendo necesaria para iso a constitución da Mesa de Contratación.

Faise constar que o patrocinado FARO DE VIGO S.A.U. A36600815 non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, se non un medio de comunicación que ten como obxecto social a elaboración e distribución de contidos informativos a través de calquera tipo de soporte. En particular a edición e publicación por conta propia e allea de impresos unitarios, periódicos, revistas e publicacións dixitais e portais de información, así como a impresión e distribución. (CNAE 5813 edición de periódicos).

O contrato de patrocinio aparece regulado na Lei 34/1988 de 11 de novembro xeral de publicidade, modificada pola lei 29/2009 do 30 de decembro pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e creación publicitaria.

O contrato de patrocinio publicitario considérase como un contrato privado, en virtude do recollido nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 26 da Lei 9/2017, “en canto á súa preparación e adjudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da presente Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante”.

Formas de tramitación:

Ordinaria.

II.4.- Prezo e valor do contrato

O orzamento máximo de licitación é de 75.000,00 € co ive engadido

Prezo con ive: 75.000,00 €

Prezo sen ive: 61.983,47 €

Importe do ive 21%: 13.016,53 €

O artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade, modificada pola Lei 29/2009, de 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, define o contrato de patrocinio como: *«aquele contrato en que o patrocinado, a cambio de una ayuda económica para la realización de su actividad deportiva, benéfica, cultural científica o de otra índole, se compromete a colaborar en la publicidad del patrocinador»*, polo que neste contrato a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

CONTRAPRESTACIÓN concrétese no retorno indirecto de carácter publicitario para o Concello de Vigo que ascende a 319.609,40.- ive engadido.

As accións concretas dentro do obxecto do patrocinio publicitario son as establecidas no Prego de Prescricións Técnicas deste contrato.

Ademais, as accións descritas considérase que teñen entidade suficiente para constituír unha CONTRAPRESTACIÓN á achega dineraria 75.000,00 € do Concello de Vigo.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao **retorno publicitario** que obterá este Concello que se deu e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado permite o patrocinador (CONCELLO DE VIGO) facer pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado e tamén, se así se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos coa mesma finalidade, converténdose así, sen dúbidas, en toda unha fonte xeradora de beneficios directos e inducidos.

En concreto, o proxecto “XXV GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2024” organizada polo FARO DE VIGO”, contribúe a que a imaxe de marca da cidade chegue a un gran número de persoas por tratarse dun proxecto de intereses deportivo e social.

Con data 26 de febreiro, dende o departamento administrativo de Alcaldía solicítase a empresa ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L. informe xustificativo sobre o retorno publicitario que se anexa ao expediente.

Achégase no expediente no trámite nº 23 o informe xustificativo da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. sobre se o retorno publicitario que figura no proxecto XXV GALA DO DEPORTE elaborado e valorado polo Faro de Vigo e que ascende a un importe de 371.525,66 €, en concepto de patrocinio publicitario solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros.

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento, sen que afecte ao normal funcionamento de servizo.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2024 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente.

II.5 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións da Gala, o proceso de negociación versará unicamente sobre o prezo do contrato.

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos custes e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U..

O único criterio de adxudicación será a redución do prezo do contrato.

II.6 Revisión de prezos

Tendo en conta que o obxecto do contrato é do patrocinio publicitario sobre o desenvolvemento do acto da Gran Gala do deportes de Vigo e a súa Comarca 2023, que terá lugar nunha data determinada entre as partes, e atendendo a que a negociación se baseará no prezo do contrato non procede ningunha revisión do prezo.

II.7.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

II.8.- Prazo de execución e prórroga:

Prazo de execución.

1.- O prazo de execución iniciarase o 21 de marzo ou o día da formalización do contrato, se fose posterior a esa data, e rematará 15 días despois da celebración da gala, que se prevé o día 18 de abril de 2024.

2.- Esta data poderá ser cambiada coa conformidade do patrocinador, se se deran causas que o xustifiquen, sen que poida ter repercusión económica ningunha nen



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

considerarse modificación do contrato. Deixarase constancia no expediente das citadas causas.

Prórroga:

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.10 Responsable do Contrato

Os responsables do Contrato serán, a xefa do departamento administrativo de Alcaldía e o Xefe do servizo de deportes-director deportivo.

II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

O adxudicatario, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización da gala .

II.12.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

De carácter medioambiental:

- Redución de envases e embalaxes.
- Recollida selectiva de residuos.

II.13.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos.

II.14- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 168 da LCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da “XXV GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2024”, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, con data 1 de marzo de 2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 14 de marzo de 2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros .

· O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101.1 LCSP, é de 61.983,47 €.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(226).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL MEDIANTE CONCURSO ESPECIFICO. EXPTE. 1711/110.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 04/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria de Goberno local (Resolución da concelleira delegada data 14/07/2023) e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022 e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

En data 8.11.2022 por Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal incoouse o procedemento de provisión de posto de traballo de participación cidadana e desenvolvemento local.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolvemento en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado

- d)** Regulamentos e ordenanzas locais.
- e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Da provisión dos postos de traballo.-

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acordo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administraciones públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública. A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de maneira máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño del puesto convocado (Sentencia Audiencia Nacional de 12 Jun. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante tal e como sinala a STXG 338/2018 cando “ a justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido.”e engade “ En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”

Neste senso a RPT do ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto singularizado de Xefatura de participación cidadá e desenvolvemento local en atención a faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.

SEGUNDO.- Do procedemento.-

Consta no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de Xefe/a de Participación Cidadá e desenvolvemento local que se incorporan como anexo a proposta de acordo. As bases incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 resultantes da negociación colectiva coa representación sindical.

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte , **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras transcritas no Anexo I, para a provisión do posto de Xefe/a de Participación Cidadá e desenvolvemento local mediante o sistema de concurso específico.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

(DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE PARTICIPACIÓN CIDADANA E DESENVOLVEMENTO LOCAL A PROVEER MEDIANTE CONCURSO ESPECIFICO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión dun posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2, mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a de Participación Cidadá e desenvolvemento local.
- Servizo no que se adscribe: Participación cidadana e desenvolvemento local
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 3200101
- Escala: Administración xeral /administración especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior- Subescala Técnica Media.
- Grupo: A1/A2
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 34.198,22 €
- Sistema de provisión: concurso específico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de departamento publicada no portal de transparencia <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude o aspirante deberá ter unha antigüidade mínima de 3 anos como funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TREBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TREBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

Os funcionarios de carreira que desexen participar nesta convocatoria o solicitarán presentarán por medios electrónicos a instancia en modelo facilitado polo Concello e na páxina web do Concello no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles, , contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo do área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e estas serán vinculantes para o petitionario e o destino adxudicado será irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión do aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

2. Prazo reclamacións. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de admitidos e excluídos con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución os aspirantes excluídos poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nos medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnala directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado

CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliábeis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anteriorida-

de á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.

- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións pública. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 punto
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

1.1.7.- Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.

- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente, tres vocais, e un secretario e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos cuxa publicación realizárase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación do comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, de acordo con o establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá o carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicárase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederá a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a realizar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles si comporta cambio de residencia e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento,

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos o funcionario poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen..

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

OITAVO.- RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das admi-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

nistracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

13(227).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE ESTADÍSTICA MEDIANTE CONCURSO ESPECIFICO EXPTE. 1712/110.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 04/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria de Goberno local (Resolución da concelleira delegada data 14.07.2023) e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022 e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

En data 8.11.2022 por Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal incoouse o procedemento de provisión de posto de traballo de xefe/a de estadística.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolva en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-) e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- d)** Regulamentos e ordenanzas locais.
- e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Da provisión dos postos de traballo.-

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acordo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administraciones públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública. A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de maneira máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño del puesto convocado (Sentencia Audiencia Nacional de 12 Jun. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante tal e como sinala a STXG 338/2018 cando “ a justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido.” e engade “ En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la

regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”

Neste senso a RPT do ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto singularizado de Xefatura de estadística en atención a faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.

SEGUNDO.- Do procedemento.-

Consta no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de Xefe/a de estadística que se incorporan como anexo a proposta de acordo. As bases incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 resultantes da negociación colectiva coa representación sindical.

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte , **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras transcritas no Anexo I, para a provisión do posto de Xefe/a de estadística mediante o sistema de concurso específico.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE ESTADÍSTICA A PROVEER MEDIANTE CONCURSO ESPECIFICO (1712-110).-

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión dun posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2, mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a de estadística
- Servizo no que se adscribe: Servizo de estadística_Área de réxime interior
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 2340101
- Escala: Administración xeral /administración especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior- Subescala Técnica Media.
- Grupo: A1/A2
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 25.902,24 €
- Sistema de provisión: concurso específico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de departamento publicada no portal de transparencia <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude o aspirante deberá ter unha antigüidade mínima de 3 anos como funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TREBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TREBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

Os funcionarios de carreira que desexen participar nesta convocatoria o solicitarán presentarán por medios electrónicos a instancia en modelo facilitado polo Concello e na páxina web do Concello no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles, , contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo do área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e estas serán vinculantes para o peticionario e o destino adxudicado será irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión do aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo reclamacións. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de admitidos e excluídos con carácter definitivo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución os aspirantes excluídos poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nos medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnala directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado

CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.

- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións pública. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 punto
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente, tres vocais, e un secretario e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos cuxa publicación realizárase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación do comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, de acordo con o establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá o carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicárase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederá a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a realizar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles si comporta cambio de residencia e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento,

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos o funcionario poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen..

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

OITAVO.- RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das admi-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

nistracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

14(228).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO DE BALAIÓDOS". EXPTE. 4865/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/04/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, o técnico de Admón. Xeral e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- No marco do expediente 5036-440 adxudicouse a D. Pedro De la Puente Crespo o servizo de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador do estadio municipal de Balaídos (Expte. 5.036-440).

II.- O dito arquitecto, adxudicatario do contrato, trala fase de supervisión do borrador, presentou proxecto de obras de execución de "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS".

III.- Consta no expediente administrativo de referencia, autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de servidumes aeronáuticas da instalación dunha grada e de unha grúa torre, no término municipal de Vigo de data 01.06.2023, por estar o ámbito do devandito proxecto das obras dentro da zona de servidume aeronáutica.

Asemade, dispónse de resolución da Dirección de Augas de Galicia (S.X. de Xestión do Dominio Público Hidráulico) de data 22.09.2023, autorizando as obras da nova grada de gol no estadio de Balaidos, condicionada ó cumprimento das condicións recollidas na mesma.

IV.- A actuación se desenrola nunha propiedade municipal, o Estadio Municipal de Balaídos. As obra a executar consisten en:

- Localización, protección e desvío, en caso de ser necesario, dos servizos afectados polas obras de construción de la Grada Gol. Unha vez posta en funcionamento a nova disposición de servizos, procederáse a retirada e de elementos existentes na grada de Gol e ó desmontaxe das instalacións, para proceder á súa demolición tanto da estrutura interior, como da cuberta e gradas actuais ata chegar a rasante do terreo natural. Realizaráse unha limpeza de fachada completa de composite en grada Tribuna.

- Unha vez efectuada a demolición e rasanteo para aloxar as dependencias baixo a grada, así como a preparación do terreo, se realizará a cimentación a base de pilotaxe, e abriranse as zanzas para aloxar os fosos, infraestruturas e elementos secundarios de cimentación. Posteriormente se procederá ao arranque da estrutura de formigón armado como de elementos prefabricados, tanto de piares como forxados na confección das distintas plantas, así como os elementos prefabricados para a formación dos graderíos. Unha vez efectuados os elementos autoportantes, executarase unha cuberta de chapa grecada precurvada que se apoiará sobre unha malla espacial metálica. A fachada exterior se resolve con un recubrimento de panel composite ancorado a unha subestrutura base de perfilaría metálica. As obras poderán ocultarse baixo unha lona decorada para mimetizarse durante a realización de eventos.
- En relación á distribución dos niveis propónse unha planta de acceso a grada a cota +8,20 m a través de 5 portas principais cara os núcleo de comunicación vertical, no Nivel Gol Bajo 01 a cota +12,60 m se sitúan os aseos, os futuros locais de uso comercial e restauración, e os accesos casa a grada de GOL BAJO. Na cota +17,30m, Nivel Gol Bajo 02, se propón o acceso a parte superior da gradaría de GOL BAJO, zona comercial e de restauración. A planta terceira, Nivel Gol Alto 01, a cota +23,80m propónse o acceso a grada de GOL ALTO e en este nivel encóntranse as dotacións de aseos e zona de restauración e comercial. A última planta (Nivel Gol Alto 02) está a unha cota +29,40m, a través de ela se accede á planta superior da grada GOL ALTO e dispón de diferentes espazos para uso comercial ou de restauración a disposición do estadio
- Actualmente está o novo sistema de iluminación en funcionamento do estadio. Neste proxecto se propón a racionalización das conexións da nova iluminación coa proxectada. Utilizaranse sistemas de iluminación con tecnoloxía LED en todos os espazos a iluminar, co obxectivo de reducir o consumo de enerxía eléctrica e os custos de mantemento.
- Na zona exterior da fachada xa reformada de Tribuna, se proxecta unha zona porticada peonil en continuidade coas de Marcador e Gol.
- En relación aos acabados, a nova grada contará cun pavimento continuo antideslizante de PVC nas zonas de uso público e aseos, os paramentos verticais se enlucirán e se pintarán con pintura plástica lisa, e utilizarase un panel sándwich a modo de falso teito para reconducir calquera filtración por chuvia ou limpeza das gradas.
- En canto ás instalacións prevese as instalacións correspondentes a protección contra lumes, alumado no interior do edificio, canalización de auga sanitaria ata os locais húmidos, e recollida de augas pluviais e fecais con condución ata as canalizacións existentes, así como a dotación de renovación de aire en aseos e cuartos técnicos. Proxéctase un sistema de megafonía de alta calidade e unha sinalización clara e adecuada.
- Se inclúe no proxecto un tanque de almacenamento de augas pluviais e excedentes de rego para a súa reutilización. O Foso perimetral permite recoller o exceso de rego



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

e reutilizar os abonos e sustancias que melloren o crecemento do céspede.

- A rede de drenaxe superficial da urbanización se proxecta mediante a adaptación e prolongación do canal existente, que discorre integrado na beirarrúa e está conectado a un colector de 800 mm de diámetro de formigón armado preparado ante a erosión.
- Na rúa Olímpicos se pavimentarán as beirarrúas con formigón, o firme das calzadas será asfáltico e os bordillos serán de formigón bicapa de 20 cm de anchura. Se proxecta un muro de formigón armado de hasta 2 metros de alto como cerramento da beirarrúa.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (VINTE TRES) 23 meses.

VI.- A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos e a Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emiten en data 04.04.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

Segundo recolle o proxecto, no Instrumento de Ordenación Provisional aprobado definitivamente en data de 24/07/2019, a parcela no seu conxunto atopase dentro do ámbito calificado urbanísticamente como Sistema Xeral de Equipamentos. No apartado 2 Memoria Urbanística, se recolle a xustificación urbanística da proposta, onde se xustifica o cumprimento de todos e cada un dos condicionantes urbanísticos que fixa a normativa.

As obras obxecto do presente proxecto no se encontran sometidas a Incidencia ambiental segundo o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, polo tanto non é necesaria a tramitación do procedemento de avaliación ambiental, segundo o indicado no Anexo 22 da memoria.

Se dispón de informe favorable de Augas de Galicia, segundo copia do documento adxunto de data 22/09/2023. Así mesmo, se dispón de autorización de AESA (Axencia Estatal de Seguridade Aérea) de data 1 de xuño de 2023 por estar o ámbito do proxecto dentro da zona de servidume aeronáutica. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial adicional.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de

febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

No Informe de supervisión inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao mesmo.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Aprobar o proxecto de "**NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO DE BALAIÓDOS**" redactado por equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E CINCO MILLÓNS SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRECE EUROS con DEZ CÉNTIMOS (25.642.713,10€), data novembro de 2023, e con sinatura dixital de data 2 de abril de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(229).- NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL, DUN OFICIAL ALBANEL (C2)- OEP 2017-2018-2019. EXPTE. 43485/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 04/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 03/04/2024, asinado pola técnica media de Relacións laborais, o técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 -3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía unha praza de Oficial albanel, pola quenda libre, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación.

II.- En sesión de data 17/01/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Oficial albanel pola quenda de libre, acordou por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno local, a seguinte proposta:

"(...)Nomear persoal laboral na praza de Oficial Albanel en réxime laboral, enmarcada no subgrupo C2 para os efectos de titulación, incluída na Oferta de Emprego Público 2017/2018/2019- 3ª fase, ao aspirante que acadou a maior puntuación e que a continuación se relaciona:

APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	PUNTUACION TOTAL
ASENSIO RODRIGUEZ	A.	***5744**	8,17	8,50	2,00	18,67

(...)"

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 18/01/2024.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 20/03/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de Oficial albanel (posto 236).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. "1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garantizan, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artigo 103."El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:

O seu artigo 7 establece que:

"El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se registrará por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho."

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

"1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se registrará igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia."



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. "La condición de personal laboral se adquire por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo".

-Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

II.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Contratar como empregado público municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza vacante convocada de Oficial albanel, pola quenda libre, equiparada ao subgrupo C2 de titulación, que figura incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2017-2018-2019, a **Adonis Asensio Rodríguez, con DNI ***5744****, que foi proposto polo órgano de selección, por ser o aspirante que superou o proceso selectivo e que acadou a maior puntuación.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar o aspirante proposto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a da notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(230).- NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIAS DE CARREIRA, DE TRES ADMINISTRATIVAS POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (C1)- OEP 2017-18-19. Expte. 43250/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 04/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/04/2024, asinado pola técnica media de Relacións laborais, o técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía catro prazas de Administrativa/o de Administración Xeral (C1), 1 pola quenda libre e 3 por promoción interna (das cales unha estaba reservada a persoas con diversidade funcional).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

II.- En sesión de data 01/12/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Administrativa/o de Administración Xeral (C1), acordou:

"(...)Propoñer o nomeamento como funcionarias de carreira con cargo ás tres (3) prazas vacantes de ADMINISTRATIVA/O DE ADMINISTRACIÓN XERAL (PROMOCIÓN INTERNA), enmarcadas no Grupo C de titulación; Subgrupo C1; Escala de Admón. xeral; Subescala administrativa, que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) 2017-2018-2019 do Concello de Vigo, ás seguintes aspirantes que superaron todas as probas previstas neste proceso selectivo e obtiveron as cualificacións máis altas:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. TOTAL
<i>ADX1 – PROMOCIÓN INTERNA</i>				
14	PÉREZ LORENZO	NOA	***3764**	26,450 ptos.
3	CARRASCO GONZÁLEZ	BEATRIZ	***3476**	23,925 ptos.
<i>ADX2 – PROMOCIÓN INTERNA (DIVERSIDADE FUNCIONAL)</i>				
2	MINIÑO VALVERDE	MARIA CRISTINA	***7646**	21,800 ptos.

(...)"

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 01/12/2023.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 21/03/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de Administrativa/o de Administración Xeral (posto 105).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- **Normativa de aplicación.**- -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la

normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”*, establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públi-*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

cos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

-A promoción interna é unha das manifestacións do dereito á carreira profesional dos empregados públicos recoñecido no artigo 14 c) do citado TREBEP, e desenvolvida nos artigos 16 e seguintes do mesmo texto legal.

O artigo 18 dispón que a promoción interna realizarase mediante os procesos selectivos que garanten o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no 55.2 do mesmo Estatuto.

Igualmente, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, regula a carreira profesional e a promoción interna do persoal funcionario no Capítulo II do seu Título VI.

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionarias de carreira, Administrativas de Administración Xeral, con cargo ás prazas vacantes, enmarcadas no grupo C, subgrupo C1; escala administración Xeral; incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, á Noa Pérez Lorenzo con DNI ***3764**, Beatriz Carrasco González con DNI ***3476** e Maria Cristina Miniño Valverde con DNI ***7646** , segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de

traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019) de Administrativa/o de Administración Xeral, enmarcadas no subgrupo C1 de titulación, escala administración xeral, subescala administrativa, as tres aspirantes que superaron todos os exercicios da oposición e obtiveron a máxima puntuación: **Noa Pérez Lorenzo con DNI ***3764****, **Beatriz Carrasco González con DNI ***3476**** e **María Cristina Miniño Valverde con DNI ***7646****.

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(231).- NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA, DE UNHA ADMINISTRATIVA (C1), POLA QUENDA LIBRE-OEP 2017-18-19. EXP. 43469/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 04/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/04/2024, asinado pola técnica media de Relacións laborais, o técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía catro prazas de Administrativa/o de Administración Xeral (C1), 1 pola quenda libre e 3 pola quenda promoción interna (das cales unha estaba reservada a persoas con diversidade funcional).

II.- En sesión de data 10/01/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Administrativa/o de Administración Xeral (C1), acordou:

"(...) Propoñer o nomeamento como funcionaria de carreira con cargo á praza vacante de ADMINISTRATIVA/O DE ADMINISTRACIÓN XERAL (QUENDA LIBRE), enmarcada no Grupo C de titulación; Subgrupo C1; Escala de Admón. xeral; Subescala administrativa, que figura incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) 2017-2018-2019 do Concello de Vigo, á

aspirante n.º 114, Da MARTA M.^a SOTO PÉREZ (DNI ***9332**) que superou todas as probas previstas neste proceso selectivo e obtivo a cualificación máis alta de todos/as os/as aspirantes presentados/as, obtendo un total de 32,647 puntos.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERC (test)	2º EXERC (temas)	3º EXERC (casos p.)	4º EXERC C. (informát.)	5º EXERC (galego)	PUNT. TOTAL
114	SOTO PÉREZ,	MARTA M ^a	***9332**	7,380	7,167	6,100	10,000	2,000	32,647

(...)”

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 11/01/2024.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 21/03/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de Administrativa/o de Administración Xeral (posto 105).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación.- -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente"*, establecendo que *"en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionaria de carreira, Administrativa de Administración Xeral, con cargo á praza vacante, enmarcada no grupo C, subgrupo C1; escala administración Xeral; incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, a MARTA M.^a SOTO PÉREZ (DNI ***9332**), segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo á praza vacante ofertada na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019) de Administrativa/o de Administración Xeral, enmarcada no subgrupo C1 de titulación, escala administración xeral, subescala administrativa, á aspirante **MARTA M.^a SOTO PÉREZ (DNI ***9332**)** que superou todas as probas previstas no proceso selectivo e obtivo a cualificación máis alta de todos/as os/as aspirantes presentados/as, obtendo un total de 32,647 puntos.

SEGUNDO.- Dispoñer que a persoa nomeada deberá tomar posesión como funcionario/a de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(232).- NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL, DE DOUS OFICIAIS ELECTRICISTAS (C2), POLA QUENDA LIBRE- OEP 2017-18-19. EXP. 43218/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 04/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/04/2024, asinado pola técnica media de Relacións laborais, o técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 -3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía dúas prazas de Oficial electricista, pola quenda libre, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación.

II.- En sesión de data 22/11/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Oficial electricista pola quenda libre, acordou por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte proposta:

"(...)Nomear persoal laboral na prazas de Oficial Electricista, con cargo a dúas prazas vacantes equiparadas ao subgrupo C2 de titulación que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017-2018-2019 aos aspirantes que a continuación se relacionan

APELIDOS	NOME	DNI	PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	TOTAL
CONDE SAÍNZ	ERNESTO	***0181**	6,33	9,9	2	18,23
TORRES LIMA	BORJA FCO.	***3393**	5,00	5,10	2	12,10

(...)"

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 27/11/2023.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal os aspirantes propostos, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 20/03/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de Oficial electricista (posto 232).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. "1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artículo 103. "El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:

O seu artigo 7 establece que:

"El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se registrará por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho."

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

"1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se registrará igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia."

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. "La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo".

-Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

II.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Contratar como empregados públicos municipais en réxime laboral fixo, con cargo ás prazas vacantes convocadas de Oficial electricista, pola quenda libre, equiparadas ao subgrupo C2 de titulación, que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017-2018-2019, a Ernesto Conde Saínza con DNI ***0181** e Borja Francisco Torres Lima con DNI ***3393**, que foron propostos polo órgano de selección, por seren os aspirantes que superaron o proceso selectivo e que acadaron as maiores puntuacións.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar os aspirantes propostos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a da notificación do presente acordo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(233).- NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL, DUN OFICIAL FERREIRO (C2), POLA QUENDA LIBRE- OEP 2017-18-19- EXP. 43362/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 04/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/04/2024, asinado pola técnica media de Relacións laborais, o técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 - 3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía unha praza de oficial ferreiro/a, pola quenda libre, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación.

II.- En sesión de data 14/12/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de oficial ferreiro/a, acordou “(...)declarar que o aspirante que superou o proceso selectivo é D. Jorge Rosas Fernández, con DNI: ***1625** e propón a súa contratación como persoal laboral para a praza de Oficial Ferreiro/a, á que accede pola quenda libre, derivada da oferta de emprego público do Concello de Vigo 2017-2018-2019 (3a Fase). Este acordo será elevado ao órgano competente para a aprobación da proposta (Xunta de Goberno Local – base xeral décimo terceira (BOP de Pontevedra número 128 do 07.07.2020) (...)”

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 18/12/2023.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 20/03/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de oficial ferreiro/a (posto 237).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. "1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artigo 103."El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:

O seu artigo 7 establece que:

"El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho."

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

"1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia."



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. “La condición de personal laboral se adquire por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo”.

-Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

II.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Contratar como empregado público municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza vacante convocada de oficial/ferreiro pola quenda libre, equiparada ao subgrupo C2 de titulación, que figura incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2017-2018-2019, a **D. Jorge Rosas Fernández, con DNI: ***1625****, que foi proposto polo órgano de selección, por ser o aspirante que superou o proceso selectivo e que acadou a máxima puntuación.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar o aspirante proposto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a da notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(234).- NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL, DE DOUS OFICIAIS SEPULTUREIROS (C2), -OEP 2017-18-19. Expte. 43456/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 04/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 03/04/2024, asinado pola técnica media de Relacións laborais, o técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 - 3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía dúas prazas de Oficial



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

sepultureiro/a pola quenda libre, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación.

II.- En sesión de data 12/01/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Oficial sepultureiro/a pola quenda de libre, acordou, por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a seguinte proposta:

"(...) Nomear persoal laboral nas prazas (2) de Oficial Sepultureiro, con cargo a dúas prazas vacantes equiparadas ao subgrupo C2 de titulación que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017-2018-2019 aos aspirantes que a continuación se relacionan:

APELIDOS	NOME	DNI	PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	TOTAL
COMIS GZALEZ	ESTEBAN FERNANDO	***0256**	9,50	9,80	2	21,30
JORGE LÓPEZ	MANUEL	***9214**	9,67	9,60	2	21,27

"(...)"

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 22/01/2024.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 01/04/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de Oficial sepultureiro/a (posto 205), así como a cobertura interina:

*"(...) En Cemiterios (303), Posto 205 – Oficial sepultureiro, dotacións 8 e 9.- Atópanse cubertas interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/11/2022 (expdte. 39808/220), por Jose Antonio Carrera Ferreira e Esteban Fernando Comis González con DNI ***6122** e ***0256**, con efectos de alta de 01/12/2022 , con cargo ás prazas vacantes de oficial sepultureiro, correspondentes á oferta de emprego público do ano 2017 e 2019 (...)"*

VI. Toda vez que as prazas vacantes atópanse cubertas interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/11/2022, deberá procederse ao seu cese con data de efectos do día anterior á formalización polas persoas nomeadas, dos contratos como persoal laboral con cargo á ditas prazas (no apartado terceiro do referido acordo xa se prevía a súa extinción automática no momento no que se cubrisen definitivamente ditas prazas incluídas nas OEPs 2019 e 2017, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. "1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artículo 103."El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:

O seu artigo 7 establece que:

"El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho."

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

"1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia."

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. "La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo".

-Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

II.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como persoal laboral interino con cargo ás prazas vacantes de Oficial sepultureiro/a, correspondentes ás ofertas de emprego público do anos 2017 e 2019, a **Jose Antonio Carrera Ferreira e Esteban Fernando Comis González con DNI ***6122** e ***0256****, con efectos dende o día anterior a formalización dos contratos laborais polas persoas nomeadas con cargo as devanditas prazas.

SEGUNDO.- Contratar como empregados públicos municipais en réxime laboral fixo, con cargo ás prazas vacantes convocadas de Oficial sepultureiro/a pola quenda libre, equiparadas ao subgrupo C2 de titulación, que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017-2018-2019 a **Esteban Fernando Comis González con DNI ***0256** e Manuel Jorge López con DNI ***9214****, propostos polo órgano de selección, por seren

os aspirantes que superaron o proceso selectivo de oposición libre e que acadaron as maiores puntuacións..

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar os aspirantes propostos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a da notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(235).- INFORME AO RECURSO ESPECIAL PRESENTADO NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS. EXPTE. 62777/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/04/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 23 de febreiro de 2024, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 27 de febreiro de 2024 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixéndose como data final o 27 de marzo de 2024 as 23.59. Ata o momento non se presentou ningunha oferta.

Terceiro.- En data 20 de marzo de 2024, D^a. Montserrat Carrera Leirós, en nome e representación de SN de CCOO de Galicia, na súa cualidade de secretaria da U.C de Vigo, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación.

Cuarto.- En data 1 de abril de 2024, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación os pregos que rexen o procedemento aberto do servizo de xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais. Citaremos por todas a Resolución 17/2020 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta De Andalucía:

“Con carácter previo al estudio de la cuestión de fondo, procede abordar la legitimación de la organización sindical recurrente para la interposición del presente recurso especial contra la resolución del órgano de contratación, de 27 de diciembre de 2019, por la que se adjudica el presente contrato a la entidad FERROVIAL. Sobre lo anterior, el artículo 48 de la LCSP establece «Podrá interponer el recurso especial en materia de contratación cualquier persona física o jurídica cuyos derechos o intereses legítimos, individuales o colectivos, se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados, de manera directa o indirecta, por las decisiones objeto del recurso». En lo relativo a las organizaciones sindicales el citado precepto en su párrafo segundo dispone «Estarán también legitimadas para interponer este recurso, contra los actos susceptibles de ser recurridos, las organizaciones sindicales cuando de las actuaciones o decisiones recurribles pudiera deducirse fundadamente que estas implican que en el proceso de ejecución del contrato se incumplan por el empresario las obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación». Sobre la legitimación activa de las organizaciones sindicales para la interposición del recurso especial en materia de contratación este Tribunal ha partido (v.g. Resolución 165/2018, de 1 de junio) de la doctrina del Tribunal Constitucional (SSTC 358/2006, 153/2007, 202/2007, y 33/2009, entre otras) que arranca de un reconocimiento abstracto o general de la legitimación de los sindicatos para impugnar las decisiones que afecten a los trabajadores, funcionarios públicos y personal estatutario. Ahora bien, también indica dicho Tribunal que esa genérica legitimación abstracta o general de los sindicatos ha de tener una proyección particular sobre el objeto de los recursos que entablen ante los Tribunales mediante un vínculo o conexión entre la organización que acciona y la pretensión ejercitada, pues, como ya se dijo en la STTC210/1994, «la función constitucionalmente atribuida a los sindicatos no alcanza a transformarlos en guardianes abstractos de la legalidad, cualesquiera que sean las circunstancias en que ésta pretenda hacerse valer».

También se debe tener en cuenta sobre esta cuestión la Sentencia de la Audiencia Nacional 348/2016, Sala de lo Contencioso administrativo, sección cuarta de fecha 6 de julio de 2016, que dispone: «En

relación con el concepto de interés legítimo sobre el que gravita el reconocimiento de legitimación existe una acabada jurisprudencia del Tribunal Supremo, incluso referida al alcance con el que cabe reconocerla a los sindicatos en el ámbito de la jurisdicción contencioso-administrativa. Según esta jurisprudencia (por todas STS de 17 de mayo de 2005, rec. cas. 5111/2002, dictada precisamente en materia contractual), la legitimatio ad causam de la parte recurrente viene determinada por la invocación en el proceso de la titularidad de un derecho o interés legítimo que suponga una relación material entre el sujeto y el objeto de la pretensión, de manera que la estimación del recurso produzca un beneficio o la eliminación de un perjuicio que no necesariamente ha de revestir un contenido patrimonial. Esta ventaja ha de ser concreta y efectiva. No es suficiente, como regla general, que se obtenga una recompensa de orden moral o solidario, como puede ocurrir con la mera satisfacción del prestigio profesional o científico inherente a la resolución favorable al criterio mantenido o con el beneficio de carácter cívico o de otra índole que lleva aparejado el cumplimiento de la legalidad. Así, el Tribunal Supremo ha insistido en que “la relación unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto impugnado), con la que se define la legitimación activa, comporta el que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto (sentencia de este Tribunal Supremo de 1 de octubre de 1.990), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación, y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento”». En esta línea se han pronunciado otros órganos de resolución de recursos contractuales; así el Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid en su Resolución 63/2019, de 13 de febrero, indica sobre esta cuestión que: «se debe entender que la legitimación de la organización sindical solo será admisible cuando se dé una relación directa e incuestionable con la defensa de los intereses corporativos de los trabajadores afectados». Por otro lado, el Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en su Resolución 331/2019, de 29 de marzo, analiza la legitimación de una organización sindical que impugnaba -como en el presente supuesto- la adjudicación de un contrato, llegando a la siguiente conclusión: «en la regulación de la LCSP, por tanto, la legitimación de las organizaciones sindicales se reconoce exclusivamente en el supuesto de que se impute a la actuación recurrida un eventual o futuro incumplimiento por parte del empresario de sus obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación”

É dicir, as organizacións sindicais deben probar un interese en sentido propio, específico e cualificado no acto impugnado, non un xenérico de defensa dos traballadores.

Neste caso, CCOO afirma que “non existe unha correcta desagregación dos custos laborais do contrato e que o orzamento de licitación está por tanto incorrectamente



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

calculado, o que determina que a prestación sexa economicamente inviable e, en consecuencia, que se vaian a incumprir polo adxudicatario os seus deberes laborais” (pax 4, apartado B, sobre o fondo). Queda probado, pois, que o obxecto do recurso ten unha clara incidencia no ámbito xurídico dos traballadores, xustificando o interese colectivo que representa a organización sindical recorrente en defensa dos dereitos laborais afectados pola contratación proxectada.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 20 de marzo de 2024. Dado que o anuncio publicouse no DOUE e no perfil de contratante o día 27 de febreiro de 2024, o prazo de interposición de recurso rematou o día 19 de marzo do mesmo ano, por lo que o recurso é extemporáneo por presentarse unha vez rematado o prazo conferido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a inadmisión do recurso. No entanto, e por se o Tribunal acordase entrar no fondo do asunto, no fundamento xurídico seguinte procederáse a analizar os motivos de impugnación da resolución recorrida.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O escrito presentado polo sindicato CCOO contén unha única alegación. Considera *“que se deben anular os Pregos do presente concurso en base a que non existe unha correcta desagregación dos custos laborais do contrato e que o orzamento da licitación está por tanto incorrectamente calculado, o que determina que a prestación sexa economicamente inviable e, en consecuencia, que se vaian a incumprir polo adxudicatario os seus deberes laborais. Consideramos que hai erros no cálculo da partida de custos de persoal que aparece na Memoria económica que impiden que se poida realizar o servizo en base a un prezo de mercado actualizado, de acordo aos custos salariais e condicións do XII Convenio de Centros de Asistencia e Educación Infantil”*.

Comeza por reproducir o apartado 2 da memoria económica relativo aos custes de persoal para manifestar a continuación que na táboa hai un error aritmético e suma 9 en vez de 8, faltando un dos traballadores con dereito a subrogación. Continúa dicindo que *“O custe anual por traballador está incorrectamente calculado de acordo coas Táboas Salariais de aplicación: Anexo II Apartado C do XII Convenio de centros de Asistencia e Educación Infantil”*. Xustifica esta afirmación alegando que nos custes laborais non se tiveron en conta os seguintes extremos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

1. 10 días de vacacións adicionais (artigo 35 do Convenio), que estímase en 5.086,94 euros /ano.
2. Importe das horas de formación (artigo 59 do Convenio), que estímase en 1.398,84 euros /ano.
3. Ningún importe de absentismo, cando no 2023 a taxa de absentismo, segundo o "X Informe Adecco sobre Empresa saudable e xestión do absentismo" a taxa de absentismo foi dun 7,0%, que estímase en 13.002,22 euros /ano.
4. Non se contemplan os posibles incrementos salariais que poidan producirse como consecuencia da negociación colectiva sectorial, demandando a inclusión dun mecanismo que permita aplicalos.
5. Non se contempla o custe de alimentación das traballadoras (artigo 73 do Convenio). O custe estimado por este concepto é de 7.260 € anuais.
6. Non está recollido o custe das horas sindicais das delegadas de persoal. Estima o custe en 1.134 €/ano.

Informa ao respecto o servizo xestor, o 1 de abril de 2024, que:

"O recurso é practicamente igual ao recurso presentado por este mesmo sindicato en data 26/11/2021 en relación ao expediente de contratación do servizo de Xestión da Escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos (expdte 25377/332), e que foi resolto polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia mediante resolución nº 266/2021 de 23 de decembro de 2021.

O recurso considera que se deben anular os pregos do expediente en base a que non existe unha correcta desagregación dos custos laborais do contrato e que o orzamento de licitación está por tanto incorrectamente calculado. A este respecto a citada resolución do TALGAL, respecto dos custos laborais calculados para o expediente 25377/332, que segue o mesmo esquema que o que agora se recorre, sinala "Centrados xa no recollido no escrito do recurso, temos que desbotar de inicio a crítica traída sobre a ausencia de desagregación no expediente de licitación, en tanto que na memoria económica do contrato aparece desagregado o orzamento da licitación, con detalle dos custos salariais calculados, polo que non atopamos deficiencia ao respecto, sen que tampouco o recorrente nos mostre como chegar a outra conclusión".

A Memoria económica do expediente 62777/332 na que se inclúe o estudo de custos do servizo a contratar tivo en conta, o convenio colectivo de aplicación, XII Convenio colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil, publicado no Boletín Oficial do Estado nº 178, de 26 de xullo de 2019, cuxas táboas salariais foron actualizadas conforme á Resolución de 25 de novembro de 2021 da Dirección Xeral de Trballo (publicada no BOE nº 294 de 9 de decembro de 2021) a efectos de estimar os custos salariais totais que se considera debería facer fronte a empresa que resulte adxudataria.

Con esta información, procedeuse á estimación do custo empresarial total polas contratacións de persoal. Para o seu cálculo tívose en conta, sobre as últimas táboas salariais publicadas, unha actualización salarial pola variación do IPC dun 3,5%.

No recurso indicase que o cadro de persoal non se corresponde coas traballadoras que actualmente desempeñan as súas funcións na escola. Que na suma total aparecen 9 traballadoras, resultado que non se corresponde cos sumatorios por categorías profesionais. Que falta unha persoa de apoio e que son 9 as traballadoras reais a subrogar.

Hai que indicar que na suma do número de traballadores na memoria hay un erro aritmético, sinalase un número total de 9 traballadores, pero o resultado da suma dos traballadores indicados na columna correspondente (1+3+2+2) é 8, sen que este erro afecte ao cálculo dos custes salariais que están recollidos no cadro e cuxo sumatorio é correcto.

Na memoria estímase os custos do persoal que se considera necesario para a prestación do servizo a xornada completa. No Prego de Cláusulas Administrativas non se esixen medios persoais, sendo a empresa adxudicataria dentro da súa capacidade de autoorganización a que decidirá se o persoal realizará as súas funcións a xornada completa ou a tempo parcial. Corresponde ao contratista dentro da súa capacidade decidir con cantos traballadores organiza a execución da prestación atendendo a normativa de aplicación a este tipo de servizos.

En canto ao persoal a subrogar a relación de persoal presentada pola empresa actual prestadora do servizo non vincula a esta administración que establece os custes de persoal en base ao servizo que se pretende contratar.

O Prezo de licitación do contrato en cuestión para cada unha das escolas obxecto do mesmo está por riba da media do prezo de adxudicación dos contratos de xestión do resto das Escolas Infantís Municipais vixentes actualmente (tendo en conta que as escolas en licitación son de tres aulas).

O prezo anual do contrato previsto é de 525.651,80 euros, de conformidade coa seguinte distribución:

- Lote 1 EIM Tomás Alonso: 261.816,54 euros

- Lote 2 EIM Bouzas: 263.835,26 euros.

Polo que respecta ás vacacións, cómpre sinalar que todos os custos estimados na Memoria Económica, e nomeadamente os custos salariais, se refiren a custos anuais (no caso dos custos laborais, referidos ás 14 pagas establecidas no Convenio de aplicación). O pago en 11 mensualidades realízase en todas as escolas municipais seguindo instrucións da Intervención Xeral, dividindo o custo total anual por 11, xa que o mes de agosto todas as escolas municipais están pechadas, polo que o persoal traballador das escolas non ten que ser cuberto pola empresa no período vacacional coa adscrición ao contrato de novas persoas. Xa que logo, o período de vacacións do persoal está cuberto no estudio de custos.

A referida Resolución 266/2021 do TACP da Comunidade Autónoma de Galicia en relación ao recurso especial en materia de contratación presentado no expediente 25377/332, rexeita expresamente diversos motivos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

de impugnación alegados pola recorrente como erros uo omisións no apartado de Custos de Persoal, que coinciden cos motivos alegados no recurso que pende de resolución, apartados segundo, terceiro, cuarto, o quinto correspondese co sexto, e sétimo de ambos recursos, entre eles o correspondente ao incremento do orzamento durante os anos de execución "consonte ao IPC", pois esta solicitude é contraria á normativa contractual e á Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española".

É preciso por de releve que, tal e como se pode apreciar na memoria económica, o servizo xestor, á hora de calcular os custes laborais tivo en conta o previsto nos artigos 100 e 101, así como no artigo 130 da LCSP, posto que neste contrato hai traballadoras con dereito a subrogación, consonte ao previsto no artigo 31 do XII Convenio de Centros de Asistencia e Educación Infantil. Así se desprende á vista das numerosas resolucións relativas a desagregación do presuposto base de licitación. Citaremos por todas a resolución 217/2020 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía que dí:

"se deberán reflejar, en el PCAP -o en el documento regulador de la licitación- para el presupuesto base de licitación los costes directos e indirectos y otros eventuales gastos, así como los costes salariales estimados a partir del convenio laboral de referencia de forma desglosada y con desagregación de género y categoría profesional, y para el valor estimado del contrato se han de tener en cuenta los costes derivados de la aplicación de las normativas laborales vigentes, los costes resultantes de la ejecución material de los servicios, los gastos generales de estructura y el beneficio industrial, debiendo figurar en el PCAP para su cálculo el método aplicado por el órgano de contratación".

Todos estes conceptos aparecen desagregados na memoria económica deste contrato.

Os aspectos aos que se refire o recorrente son aspectos que forman parte da relación laboral entre o contratista e o seu persoal. O Concello é un terceiro alleo a estas relacións laborais nas que non debe interferir. Tal e como se infire do informe do servizo xestor o prezo deste contrato é superior ao de outras escolas infantís que se licitaron nos últimos anos. En todas as licitacións houbo concorrencia e se presentaron un mínimo de 4 licitadores. Así mesmo, a empresa solicita "a inclusión dun mecanismo que permita aplicar os incrementos salariais que se poidan producir. Ben na liña de aplicar os acordados na negociación colectiva; prevendo un incremento consonte ao IPC; aplicando os incrementos porcentuais que se lle apliquen aos funcionarios municipais ou calquer outro que permita solventar esa circunstancia". No entanto, conforme ao artigo 103, non cabe a revisión de prezos nos contratos de servizos salvo que o período de recuperación da inversión sexa igual ou superior a cinco anos.

En consecuencia, á vista do alegado, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar a desestimación destas alegacións polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión para o caso de que acorde admitir o recurso.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- Acordar a suspensión cautelar deste procedemento ata que o TACGAL dite resolución no presente recurso”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1658/1102

22(236).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez